



CONCELLO DE
OLEIROS

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DIA VINTE E NOVE (29) DE FEBREIRO DE 2024

No salón de sesións, sito no andar primeiro de Casa Charry, ás 20:00 h. do día 29 de febreiro de 2024, ten lugar sesión extraordinaria do Concello Pleno, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o alcalde, D. **Ángel García Seoane**, asistindo os membros da Corporación seguintes:

GRUPO MUNICIPAL “ALTERNATIVA DOS VECIÑOS” (A.V.)

- D^a Margarita Figueroa Vázquez.
- D. Pablo Cibeira Taboada.
- D^a Aurora Belén Taboada Casal.
- D^a M^a Teresa Vázquez Maseda.
- D^a M^a José Santos Zas.
- D. Antonio Molinos Marcote.
- D^a Rosa M^a Méndez Gómez.
- D. Jaime Rumbo Mosquera.
- D^a Sandra Fernández Fernández
- D^a Marta M^a Martínez Martínez.
- D. Ramón Maceira Giadanes.

GRUPO MUNICIPAL “POPULAR” (P.P.)

- D^a M^a Dolores Silva Núñez.
- D^a Vanesa Domínguez de la Iglesia.
- D. Jorge Platas Casal.
- D. Antonio Javier Corredoira Alfonso.
- D. Jaime Cástor Núñez Cartelle.

GRUPO MUNICIPAL “SOCIALISTA” (PSdeG-PSOE)

- D^a M^a Carmen Acuña do Campo.
- D. Jesús Fernández Díez.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

- D. Iván Roca Cruz.
- Non asiste:
- D^a M^a José Varela Neira, concelleira do grupo municipal “Alternativa dos Veciños”.

Da fe dos acordos tomados, D^a M^a Pilar Cela Álvarez, secretaria accidental do Concello. Faise constar que está tamén presente o interventor municipal, D. Vicente José Calvo del Castillo.

Logo de comprobar que concorre o quórum de asistencia que esixe o art. 46.2.c) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para que teña lugar validamente a sesión, o sr. alcalde a declara aberta.





CONCELLO DE
OLEIROS

Antes de proceder a tratar os asuntos, polo alcalde dáse paso a unha rapaza e un rapaz, como representantes das Casas da Mocidade municipais, que dan lectura á declaración institucional do concello sobre o vindeiro 8 de marzo, día internacional da muller, que se transcribe:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE OLEIROS CON MOTIVO DO 8 DE MARZO DE 2024

[semente de vencer]

Apartadas da vida política, artística, científica, de estudo e demais disciplinas e ámbitos laborais, historicamente as mulleres tivemos que loitar por destruír as cancelas á parcela que se nos asignou no mundo: o fogar e a familia.

Afortunadamente ao longo da historia houbo mulleres que ben, por posición de clase ou ben, por teima individual propia e das redes de apoio, cultivaron as artes, as ciencias, disciplinas e traballos reservados aos homes, mais o seu borrado e ocultamento foi notorio. Non foi ata que moitas mulleres conseguimos abrir as portas, buscar autonomía e identidade fóra do fogar cando comezou a reivindicación deses espazos e iniciamos a visibilización na busca de referentes propias.

Porque foron, somos.

Innegablemente, esta invisibilidade histórica respondeu a un motivo principal: negar a posibilidade de que unha muller fose igual ou superase intelectualmente a un home.

Como no seu día dixo Virgina Woolf “na maior parte da historia, anónimo era unha muller”.

Ben é sabido o alto emprego, por parte de escritoras e investigadoras, de pseudónimos masculinos ou iniciais para ocultar a súa identidade; sabían que tan só desde a confusión de ser lidas como homes, podían aspirar a ser valoradas desde o terreo da neutralidade de xénero.

Sen sorpresa ningunha, funcionou.

Pola loita incansable de xeracións e xeracións de mulleres que se negaron a aspirar só á crianza, estamos nun momento histórico no que as mulleres temos acceso aos espazos de creación, investigación e demais ámbitos, gañando en relevancia e recoñecemento social. Cada vez estamos máis presentes e as novas xeracións teñen máis referentes mulleres nas que inspirarse. Un logro social que nos pon, sen dúbida, no camiño correcto cara a igualdade.

Pero non foi sen loita.

Non obstante, nos últimos anos volvemos enfrontarnos a unha nova, pero realmente vella, violencia: o cuestionamento constante da nosa valía.

A dúbida sobre a calidade dos nosos traballos e creacións sobrevóanos.

Chocamos coa desconfianza social, pero tamén propia, de se cando unha muller recibe un premio, un nomeamento ou un ascenso, débese aos méritos propios ou se pola contra, se nos outorga polo “feito de ser mulleres”.

A sombra da sospeita escurece a calidade dos nosos esforzos; con demasiada frecuencia non se fala da calidade dun traballo ben feito, senón da identidade (feminina) de quen o elabora.

Así, o discurso que relega que os recoñecementos ás mulleres non son máis que procesos de branqueamento institucional para corrixir a inxustiza histórica da invisibilidade segue a ser o vello coñecido: que as mulleres non podemos ser intelectualmente igual ou superiores aos homes, e que se imos tendo cada vez máis recoñecemento social non é pola nosa valía, senón por corrección política.

Por todo iso, este 8 de Marzo, Día Internacional das Mulleres, desde o Concello de Oleiros queremos dicir NON ao constante cuestionamento ao que se nos somete. Se cada vez hai máis mulleres no cine, na literatura, na ciencia, na música, .. e se accedemos a postos de relevancia social, cultural e política é por unha conquista histórica deses espazos e pola nosa contrastada validez. Esa sospeita constante só ten un nome, MISOGINIA.

No Concello de Oleiros, seguiremos traballando en prol dun futuro máis amable, xeneroso, xusto e igualitario para as novas xeracións, por un futuro onde o xénero sexa simplemente irrelevante.

Porque somos, serán.





CONCELLO DE OLEIROS

Porque no Concello de Oleiros, seguimos plantando, semente de vencer.”

Solicita a palabra a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, que é denegada polo alcalde, D. **Ángel García**, dicindo que como vai querer falar da acta que se achega para a súa aprobación, debe esperar a que se trate o asunto.

De seguido e ada orde do alcalde, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día contida na convocatoria realizada a través do Decreto da Alcaldía nº 2024000950, de 26 de febreiro, que son os seguintes:

- 1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria de 23 de xaneiro de 2023.
- 2º.- Aprobación inicial, se procede, da modificación do art. 22 do Regulamento Orgánico Municipal (ROM).
- 3º.- Aprobación inicial, se procede, da modificación dos Regulamentos de Axudas Sociais, Asistenciais e Profesionais para o Persoal Laboral e Funcionario do Concello de Oleiros.
- 4º.- Aprobación, se procede, da incoación do expediente de expropiación forzosa de terreos para a execución do proxecto de obra de senda peonil e ciclista Naval-Canide.
- 5º.- Aprobación inicial, se procede, da modificación de crédito 2024/MODOR/000006, de concesión de Suplemento de Créditos, para a execución da obra de Mellora de Eficiencia Enerxética na Escola Infantil “A Pardela” - FASE I.
- 6º.- Dar conta da información remitida ao Ministerio de facenda relativa á execución do orzamento e cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria regulados na Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, correspondentes ao 4º trimestre de 2023.
- 7º.- Dar conta da información sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Oleiros previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao 4º trimestre de 2023.
- 8º.- Dar conta do Decreto da Alcaldía nº 2024000543, mediante o cal se delega a representación municipal nas xuntas de compensación urbanísticas no 4º Tte. alcalde, D. Antonio Molinos Marcote.
- 9º.- Dar conta do Decreto da Alcaldía nº 2024000886, mediante o cal se delega de xeito temporal a presidencia das sesións da comisión informativa de “Asuntos de competencia plenaria” na 2º Tte. alcalde, D^a Margarita Figueroa Vázquez.
- 10º.- Dar conta dos decretos da alcaldía e dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2024000212 ata o 2024000922.
- 11º.- Mocións, rogos e preguntas.

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria de 23 de xaneiro de 2024

Consonte ó art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o alcalde pregunta se algún dos asistentes á sesión ten que formular algunha observación ou reparo ás actas que se achegaron para aprobar coa convocatoria desta sesión.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, manifestando que nunca antes o seu grupo puxera pega ningunha a acta, agás erro puntual na mesma, como tamén ocorre nesta ocasión, o concelleiro do seu grupo D. Jorge Platas presentou o rogo 9.7 da acta relativo ó arranxo de problemas de paso de peóns na Rúa Leticia, e figura Jaime Platas; solicita que se corrixa.

Non se recolle fielmente o acontecido o día do pleno e xa fora solicitado por un concelleiro da corporación que se recollera de xeito literal. Trátase dunha acta que blanquea e dulcifica o que ocorreu, que foi bochornoso e por iso pide unha vez máis desculpas os veciños e veciñas de Oleiros.

Nesta acta queren amosar a súa disconformidade polo que votarán en contra, solicitan que non sexa aprobada e se modifique a redacción antes da aprobación.





CONCELLO DE
OLEIROS

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, manifestando que a acta é unha novela que non recolle o acontecido na sesión. Na acta asegúrase que foron unhas descalificacións notorias ó seu compañeiro de grupo, cando a realidade foi que o insultou e chegou a ameazalo de morte, polo que votarán evidentemente en contra da redacción da acta.

Estarían dispostos a aceptar esta redacción e pasar páxina, sempre que escenifique unha disculpa ou perdón público por parte do alcalde, senón verán a posibilidade de acodir á xustiza.

Engade a este respecto o voceira do grupo “Popular”, que a acta non recolle o que se pediu expresamente blanqueando o que se dixo nesa situación.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que con estas manifestacións están a insultar á secretaria municipal porque desde sempre nas actas o que reflexa son as intervencións de cada un dos asuntos.

De seguido, a voceira do grupo municipal “Socialista”, Sra. **Acuña**, interrompe a intervención do alcalde sinalando que debería ser así agás que se solicite de xeito expreso que se reflexe literalmente o dito.

Polo alcalde, Sr. **García**, sinálalle á voceira do grupo “Socialista” que debe intervir cando lle dea a palabra e non interrompa as intervencións dos demais.

Segue o alcalde sinalando que a acta está correctamente realizada ó recoller tanto os acordos e votacións dos asuntos que contiña a súa orde do día.

Votación

Ó non producir máis intervencións, o alcalde ordea que se pase á votación amosándose o resultado de **doce (12) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”) **unha (01) abstención** (unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **sete (07) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”) o Concello Pleno aproba a acta da *sesión plenaria que tivo lugar o día 23 de xaneiro de 2024*.

Punto 2.- Aprobación inicial, se procede, da modificación do art. 22 do Regulamento Orgánico Municipal (ROM)

Expón o asunto a 2^a Tte. de alcalde do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **Margarita Figueroa**, explicando que esta modificación do artigo 22 do Regulamento Orgánico Municipal (ROM) que se achega a aprobación inicial, trátase dunha proposta que agardamos axude a facer operativas as sesións plenarias da corporación, no que atinxe á presentación de mocións.

Tiñamos un ROM que viña do ano 2011, que na maior parte do seu contido ordea e establece posibilidades de participación a tódolos grupos políticos municipais, pero cunha eiva que neste mandato supoñía restar atención e realidade por mor da posibilidade de incluír a menudo asuntos que pouco tiñan que ver coa actividade ou vida municipal, incluso tratar mocións sobre o mesmo asunto presentadas polos diferentes grupos políticos.





CONCELLO DE
OLEIROS

Por parte do goberno municipal encargouse á secretaria xeral unha análise do regulamento e que estudase a proposta que lle achegamos, en canto a posibilitar ós grupos políticos municipais a presentación de iniciativas ou mocións, como se prefira nomear, de acordo coa súa representación no pleno municipal.

En base ao exposto e contando cos informes técnicos necesarios proponse ao Pleno, en primeiro lugar, aprobar inicialmente a modificación do artigo 22 do Regulamento Organico Municipal, quedando a nova redacción como segue: “Artigo 22, sinala que nas sesións ordinarias, concluído o exame dos asuntos da orde do día, antes de pasar a “rogos e preguntas” o presidente preguntará se algun dos membros desexa someter a consideración do Pleno por razóns de urxencia, algun asunto non comprendido na orde do día que non teña cabida en rogos e preguntas. As mocións deberán de referirse a asuntos de competencia plenaria, entendendo como tales os establecidos no Art. 22 da Lei reguladora das Bases de Rexime Local 7/85 do 2 de abril e 50 do ROF.

“As mocións que poderán presentarse por cada sesión plenaria e por cada grupo municipal serán proporcionais ao número de concelleiros.

- Grupos que teñan de 1 a 5 membros, poderan presentar 2 mocións.
- Grupos que teñan de 6 a 10 membros, poderán presentar 4 mocións.
- Grupos que teñan de 11 a 21 membros, poderan presentar 6 mocións.”

En segundo lugar, abrir un período de exposición pública de 30 días a efectos de presentación de alegacións. É dicir, os acordos e tramites ordinarios para a xestión deste expediente.

Intervén a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, anunciando o seu voto en contra e que teñen intención de presentar alegacións á aprobación inicial desta modificación, porque o que se achega con esta proposta supón unha limitación ó dereito de participación dos grupos políticos municipais e tamén unha persecución sobre os asuntos que se van debater.

Xa se iniciou coa presentación por escrito das iniciativas, para contestalas na sesión plenaria, que logo non se contestan e agora coas mocións, primeiro analízase si se trata dunha moción ou non, segundo a consideración do alcalde descoñecendo os criterios utilizados para se ten ese carácter; ó igual que a redución de tempos de intervención, limitándose a participación dos grupos políticos e reducindo o contido das sesións plenarias ós conflitos do alcalde cos grupos políticos da oposición.

Intervén a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña do Campo**, amosando a súa repulsa a esta limitación de dereitos levando unicamente consigo o ánimo do goberno municipal de recurtar a participación dos membros desta corporación.

Se na sesión plenaria anterior producíronse vexacións e ameazas, nesta preténdese aprobar unha redución dos dereitos dos grupos políticos da oposición, aínda que realmente o que está a propoñer é restarlle dereitos ós votantes de tódolos grupos políticos agás os que o fixeron a Alternativa dos Veciños; ademais como sinala o informe da secretaria municipal, trátase dun dereito constitucional, retorcendo aínda máis unha limitación que xa existía no anterior Regulamento, dado que eran xa cinco mocións as que podían presentar os grupos.





CONCELLO DE
OLEIROS

Estase a referir a propostas tales como seguridade viaria, limpeza, entornos para mascotas, o Nadal, sanidade pública, etc. Cuestións que afectan á veciñanza e que non debería recurtar. Finalmente, cre que o recorte é produto do medo que ten a que se fiscalice a súa xestión.

Intervén o concelleiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, dicindo que o conflito non ten porque ser negativo, este pleno tiña unha cultura propia debida á figura do alcalde. Antes funcionaba, sempre foron tratados con igualdade e respecto, había harmonía dentro dunha certa anarquía, o que modou coa nova corporación.

Entende que non se adaptan á nova situación, empezando polo alcalde e agora xa centrándose no asunto, engade que o seu sería crear unha xunta de voceiros para tratar estas cuestións no sentido de que agora tódalas mocións estanse a tramitar pola vía de urxencia, o que impide que se cheguen a tratar por mor da maioría do goberno municipal e tamén a existencia de que teñen que ser de competencia municipal.

Insiste en que a vía da xunta de voceiros é a axeitada como se está a facer noutras administracións e concellos, para acordar no seu seo a limitación ou número de iniciativas a presentar.

Ó sinalado de que se presenten rogos e preguntas por escrito, él lévao facendo desde o inicio porque tamén quere que se lle contesten na mesma sesión.

Salienta que non lle parece mal a posible limitación de presentación de mocións en cada sesión plenaria porque non é ningunha novidade ó estarse facendo igual noutros concellos e plenos, no que non está de acordo é que a limitación ou non delas sexa de xeito unilateral como está a acontecer. Engade finalmente e baixo a súa opinión, o lío desmedido inhibe a participación dos demais, polo menos a dél.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, dicindo que coincide co dito polo concelleiro do BNG, nos concellos da contorna existe unha limitación a dúas mocións e aquí presentábanse ata cinco permitíndose sempre o diálogo, pero cando se pretende alterar a situación non queda máis remedido que tomar medidas.

Algúns veñen con actitudes belixerantes, polo que non vai permitir o desprestixio desta institución e acolléndose ó dito polo concelleiro do BNG esa vai ser a liña a seguir cara ó futuro o por qué da limitación a dúas é por analoxía co aprobado na Deputación provincial.

Pregúntalle o sentido do seu voto ante ese acordo a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, ó que lle contesta o alcalde, D. **Ángel García**, que na institución provincial acordouse por consenso ó se tratar de persoas civilizadas.

Segue na súa quenda de contestación o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que aquí permítense cinco rogos e cinco preguntas e na deputación estase a estudar unha limitación tamén do número de rogos e preguntas. Non se está amordazando a ninguén, trátase dunha proposta proporcional o número de membros de cada grupo.

Intervén o concelleiro do grupo “Popular”, D. **Antonio Corredoira**, sinalando que pera o seu grupo consta de cinco membros e só pode presentar dúas mocións.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, dicíndolle ó concelleiro do grupo “Popular” que se trata dunha proposta democrática avaliada polos informes emitidos.





CONCELLO DE OLEIROS

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a M^a **Dolores Silva**, dicíndolle ó alcalde que se a proposta é consensuar todo están de acordo, incluso tamén o acordo de dlimitación de tempo de intervención, é máis, poderían aceptar a posibilidade de redución do número de mocións a dúas, sempre que sexa un acordo consensuado.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a M^a **Carmen Acuña**, engadindo que todo é unha limitación para a súa participación, desde que os plenos son as 8 da tarde, non existe unha xunta de voceiros ou que non contan con espazos para poder debater.

Votación

Ó non producir máis intervencións, o alcalde ordea que se pase á votación, acadándose o resultado de **doce (12) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”) e **oito (08) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Antecedentes

O pasado venres, 23 de febreiro de 2024, elevouse a ditame da comisión informativa de “asuntos de competencia plenaria”, previo ó seu tratamento na sesión plenaria ordinaria que vai ter lugar este xoves, 29 de febreiro, a modificación do artigo 22 do Regulamento Orgánico Municipal (ROM).

Unha vez que tivo lugar a sesión deste órgano e o nomeado asunto foi ditaminado favorablemente detectouse un erro material na súa redacción, de tal xeito que onde di:

“...Artigo 22.

Nas sesións ordinarias, concluído o exame dos asuntos engadidos na orde do día, antes de pasar ao turno de “Rogos e preguntas”, o Presidente preguntará si algún Grupo Municipal desexa someter a consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no punto “Rogos e preguntas”. As mocións deberán referirse a asuntos de competencia plenaria, entendendo por tales os establecidos no artigo 22 da Lei 7/85 de 2 de abril e 50 do ROF.

As mocións que poderán presentarse para cada sesión plenaria e por cada grupo municipal serán proporcionais ao número de **voceiros**. Os grupos que teñan de 1 a 5 membros poderán presentar 2 mocións, os grupos de 6 a 10 membros poderán presentar 4 mocións e os grupos de 11 a 21 membros poderán presentar 6 mocións .”

Debe dicir:

“...Artigo 22.

Nas sesións ordinarias, concluído o exame dos asuntos engadidos na orde do día, antes de pasar ao turno de “Rogos e preguntas”, o Presidente preguntará si algún Grupo Municipal desexa someter a consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no punto “Rogos e preguntas”. As mocións deberán referirse a asuntos de competencia plenaria, entendendo por tales os establecidos no artigo 22 da Lei 7/85 de 2 de abril e 50 do ROF.

As mocións que poderán presentarse para cada sesión plenaria e por cada grupo municipal serán proporcionais ao número de **concelleiros e concelleiras**. Os grupos que teñan de 1 a 5 membros poderán presentar 2 mocións, os grupos de 6 a 10 membros poderán presentar 4 mocións e os grupos de 11 a 21 membros poderán presentar 6 mocións .”

Tendo en conta o anterior, procede corrixir o erro material observado quedando a proposta e acordo a adoptar polo pleno da corporación, na súa sesión que vai ter lugar este xoves, 29 de febreiro de 2024, como segue:

“Antecedentes

Polo Concello Pleno celebrado o día 28 de xullo do 2011, aprobouse o Regulamento de Organización Municipal, que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 219 de 17 de novembro do 2011.





O artigo 22 do ROM di: "...Artigo 22. Nas sesións ordinarias, concluído o exame dos asuntos engadidos na orde do día, antes de pasar ao turno de "Rogos e preguntas", o Presidente preguntará si algún Grupo Municipal desexa someter a consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no punto "Rogos e preguntas". As mocións deberán referirse a asuntos de competencia plenaria, entendendo por tales os establecidos no artigo 22 da Lei 7/85 de 2 de abril e 50 do ROF..."

O día 20 de febreiro do 2024, o Alcalde dita Providencia onde acorda inicia-la tramitación para a modificación do artigo 22, onde propón engadir o seguinte parágrafo: "As mocións que poderán presentarse para cada sesión plenaria e por cada grupo municipal serán proporcionais ao número de concelleiros e concelleiras. Os grupos que teñan de 1 a 5 membros poderán presentar 2 mocións, os grupos de 6 a 10 membros poderán presentar 4 mocións e os grupos de 11 a 21 membros poderán presentar 6 mocións." Ademais solicita á Secretaría Municipal que emita informe ao respecto.

O día 20 de febreiro do 2024 a Secretaría emite o seguinte informe:

"Pilar Cela Alvarez, Secretaria accidental da Corporación, en virtude das funcións atribuídas a secretaria polo artigo 3.3) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, por el que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional; corresponde ó Secretario/a a emisión de informes a solicitude da Alcaldía do Concello de Oleiros.

A aprobación e modificación do Regulamento orgánico municipal esixe informe preceptivo da Secretaría por aplicación do disposto no artigo 47.2 letra f) da Lei 7/1985 de bases do réxime local que esixe que estes acordos se adopten por maioría absoluta dos membros do Pleno e o artigo 3.3 do Real decreto 128/2018, que esixe informe de Secretaría canto se aproben acordos que deban ser adoptados por maioría absoluta.

Antecedentes.-

Por providencia da alcaldía de data 19-02-2024 encargouse a esta secretaria informe sobre a proposta de modificación do regulamento orgánico municipal no seu artigo 22 en orde a fixar o número de mocións que poderán presentarse polos grupos municipais para cada sesión plenaria.

A proposta é engadir no artigo 22 do ROM un novo parágrafo coa seguinte redacción:

"As mocións que poderán presentarse para cada sesión plenaria e por cada grupo municipal serán proporcionais ao número de voceiros. Os grupos que teñan de 1 a 5 membros poderán presentar 2 mocións, os grupos de 6 a 10 membros poderán presentar 4 mocións e os grupos de 11 a 21 membros poderán presentar 6 mocións."

Fundamentación xurídica.-

En canto ao fondo da modificación obxecto de análise:

PRIMEIRO. A participación dos concelleiros no plenario a través da presentación de mocións foi considerada polo Tribunal Constitucional en varias sentenzas, entre as que se atopa a nº 246/2012 do 20 de decembro, como unha parte do dereito do que dispoñen os cidadáns a acceder en condicións de igualdade as funcións e cargos públicos, cos requisitos que sinalan as leis; recollido no artigo 23.2 da Constitución.

A sentenza indica concretamente; "entre las funciones que pertenecen al núcleo inherente a la función representativa que constitucionalmente corresponde a los miembros de una corporación local se encuentran, en todo caso, la de participar en la actividad de control del gobierno local, la de participar en las deliberaciones del Pleno de la corporación, la de votar en los asuntos sometidos a votación en este órgano, así como el derecho a obtener la información necesaria para poder ejercer las anteriores".

A presentación de mocións formaría parte desa participación na actividade de control do goberno local e tamén nas deliberacións do Pleno.

Polo tanto, a limitación que se faga, en orde a racionalizar e regular a participación no plenario debe respectar o devandito dereito constitucional.

A posibilidade de establecer unha limitación ao número de mocións a presentar en cada sesión plenaria ven recoñecida na Sentencia da Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León (Burgos) nº 270/2011, do 3 de xuño (recurso 229/2009) que indica o seguinte: "Es verdad que examinada la normativa de régimen local se comprueba que no existe precepto legal (y tampoco constitucional) que impida imponer una limitación en el número de mociones para cada pleno, como también es lógico y normal que los Plenos de la Corporaciones Locales en el uso de sus facultades de autoorganización y para garantizar el normal funcionamiento de los plenos pueda imponerse una limitación en el número máximo de mociones".





Esta mesma sentenza anula o regulamento orgánico obxecto de análise por tratarse dunha previsión taxativa e sen ningún tipo de excepción, establecendo sen máis a posibilidade de presentar tres mocións por cada grupo para cada sesión plenaria.

En consecuencia, da análise da xurisprudencia considero que é posible establecer unha limitación ao número de mocións a presentar polos grupos en cada sesión plenaria, pero dita limitación non pode ser xenérica para todos os grupos, senón que debe ser establecida en función do número de membros de cada grupo; dado que, en outro caso conculcaría o dereito constitucional a participación política.

A proposta do goberno municipal establece uns tramos en función do número de concelleiros dos grupos, para fixar a limitación, polo que respectaría o dereito de participación recollido no artigo 23.2 da Constitución.

En canto ao procedemento da modificación:

SEGUNDO. A modificación do Regulamento ten que seguir o mesmo procedemento que o establecido para a súa aprobación. A aprobación e modificación do regulamento é posible en virtude da potestade regulamentaria e de autoorganización que recoñece o Estado aos Entes Locais. Esta potestade permite concretar qué órganos son necesarios e complementarios, as funcións do Alcalde, Pleno, Comisións e todos aqueles aspectos que sexan de interese para o Concello, pero en todo caso respectando sempre os límites mínimos establecidos na lexislación estatal.

TERCEIRO. A Lexislación aplicable ven determinada polos artigos 4 e 20.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Régimen Local. Artigo 24.b) do Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el Texto Refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de Régimen Local. Artigo 4 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales.

CUARTO. A aprobación da citada modificación do Regulamento se axustará ao seguinte procedemento:

A. Por Providencia de Alcaldía se ha de iniciar o expediente coa modificación proposta.

B. Elaborado e recibido o proxecto, corresponderá a aprobación inicial ao Pleno por maioría absoluta dos seus membros, e se abrirá período de información pública, por un prazo mínimo de trinta días, para que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. O acordo de aprobación inicial publicárase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

C. Concluído o período de información pública, si se presentaran reclamacións e/ou suxestións, deberán resolverse estas, incorporándose ao texto as modificacións derivadas da resolución das alegacións. A aprobación definitiva corresponde ao Pleno, de conformidade co disposto polos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

D. No suposto de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación inicial no prazo de información pública, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, estendéndose por esta Secretaría a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial.

E. O acordo de aprobación definitiva [expresa ou tácita], co texto íntegro, debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Informe que emite a Secretaría Accidental, sen prexuízo de calquera outro mellor fundado en dereito"

Visto o exposto, procede polo tanto PROPOÑER AO PLENO DO CONCELLO o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento Orgánico Municipal (ROM) do artigo 22, quedando a nova redacción do seguinte xeito:

"...Artigo 22.

Nas sesións ordinarias, concluído o exame dos asuntos engadidos na orde do día, antes de pasar ao turno de "Rogos e preguntas", o Presidente preguntará si algún Grupo Municipal desexa someter a consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no punto "Rogos e preguntas". As mocións deberán referirse a asuntos de competencia plenaria, entendendo por tales os establecidos no artigo 22 da Lei 7/85 de 2 de abril e 50 do ROF.

As mocións que poderán presentarse para cada sesión plenaria e por cada grupo municipal serán proporcionais ao número de concelleiros e concelleiras. Os grupos que teñan de 1 a 5 membros poderán presentar 2 mocións, os grupos de 6 a 10 membros poderán presentar 4 mocións e os grupos de 11 a 21 membros poderán presentar 6 mocións."





CONCELLO DE OLEIROS

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública, por un prazo mínimo de trinta días, para que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. O acordo de aprobación inicial publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

TERCEIRO.- Concluído o período de información pública, si se presentaran reclamacións e/ou suxestións, deberán resolverse estas, incorporándose ao texto as modificacións derivadas da resolución das alegacións. A aprobación definitiva corresponde ao Pleno, de conformidade co disposto polos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

CUARTO.- No suposto de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación inicial no prazo de información pública, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, estendéndose pola Secretaría a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial. Dito acordo de aprobación definitiva [expresa ou tácita], co texto íntegro, debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.”

Punto 3.- Aprobación inicial, se procede, da modificación dos Regulamentos de Axudas Sociais, Asistenciais e Profesionais para o Persoal Laboral e Funcionario do Concello de Oleiros

Expón o asunto a 2ª Tte. de alcalde do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, Dª **Margarita Figueroa**, explicando que o Regulamento de Axudas Sociais do Persoal Laboral e Funcionario do concello devén desde xa hai moitos anos, de feito, foi e ven sendo unha referencia para outros concellos da comarca.

Rematada a vixencia do acordo anterior e reunidos en mesa de negociación colectiva o 9 de febreiro cos representantes do persoal municipal, neste caso e sempre da man de ambos colectivos e da súa representación sindical, este goberno municipal aborda o asunto dun xeito conxunto, porque aínda que sendo diferentes colectivos, persoal laboral e persoal funcionario, sempre se trataron como traballadoras e traballadores municipais de igual xeito, como entenden que debe ser.

Nesta mesa de negociación, chegouse por unanimidade ao acordo de prorrogar o convenio para o exercicio de devindicación polos anos 2023, 2024, 2025 e 2026 cos topes monetarios, inversamente proporcionais, as retribucións brutas anuais de cada traballador:

Grupo 1, tope de 1.200 € (ata 28.259,60 €).

Grupo 2, tope de 600 € (ata 32.113 €).

Grupo 3, tope de 300 € (ata 38.535 €).

Grupo 4, tope de 150 € (máis de 38.535 €).

Como xa dixo, con idénticas condicións para todo o persoal municipal, debendo estar de alta no intre da solicitude e do pagamento, cun ano mínimo de antigüedad. Debe salientarse que tamén se resolve unha eiva do anterior regulamento, en canto ó persoal que se xubila o ano de percepción das axudas, porque aínda que non estea de alta nese intre, sí o estaba consolicitou a axuda e, por tanto, ten dereito á percepción. Finalmente, produto deste tramite, ábrese o prazo de presentación de solicitudes ó longo do mes de abril.

Por todo isto, a proposta que se presenta á consideración deste pléno é a Aprobación inicial da modificación do Regulamento nomeado, con exposición pública durante 30 días para presentación de posibles alegacións, é dicir, os tramites ordinarios para a xestión do expediente.

Intervén a voceira do grupo municipal “Popular”, Dª **Mª Dolores Silva**, anunciando o seu voto favorable á proposta.





Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a M^a Carmen Acuña, dicindo que votarán a favor porque se trata dun regulamento negociado coa representación sindical. Aínda así, solicitan melloras para fomentar a permanencia do persoal no concello, como pode ser co colectivo da Policía Local.

Votación

Ó non producir máis intervencións, o alcalde orde a que se pase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 23 de febreiro de 2024, acadándose o resultado da unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, é dicir, por **vinte (20) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Nos últimos anos os beneficios sociais, asistenciais e profesionais para o persoal funcionario e laboral, respectivamente, limitáronse en orde á repartición coherente dos recursos dispoñibles entre o persoal municipal.

Téndose prevista unha modificación da relación de postos de traballo existente para actualizada e dar resposta ás novas necesidades organizativas do Concello que seguramente conlevará un certo investimento por parte do Concello, acordouse cos axentes sociais un novo acordo respecto aos regulamentos de axudas sociais en orde a prorrogar os xa existentes en anos anteriores.

Reunidos o día 9 de febreiro de 2024 os representantes do Goberno municipal e os representantes do persoal (o sindicato CCOO e a agrupación de electores Oleiros Sindical), en sede de mesa xeral de negociación conxunta para persoal laboral e funcionario acordouse por unanimidade a prórroga dos límites monetarios existentes para os anos anteriores ata o 2026 en referencia ás axudas concedidas por feitos causantes devindicados nos anos 2023, 2024, 2025 e 2026, acordando tamén modificar o prazo de presentación de instancias para o mes de abril de 2024, atendendo ao trámites legais precisos en materia de prazos para perfeccionar este acordo.

Tamén se acordou incluír -a través dunha modificación do articulado- como persoas beneficiarias a aquelas que -cumprindo o resto dos requisitos- se xubilen o ano de percepción das axudas, aínda que non figuren de alta no momento da solicitude e do pagamento, e eliminar as referencias feitas ao Organismo Autónomo Municipal de Cultura, que xa non existe.

Así, por unanimidade, chegouse a vertebrar este acordo para o persoal laboral e funcionario.

Polo exposto anteriormente, **PROPOÑO** ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo, se procede:

Primeiro. Modificar o Regulamento de axudas sociais, asistenciais e profesionais para o persoal laboral do Concello de Oleiros (Boletín oficial da provincia -BOP- da Coruña, núm. 156, do 17 de agosto de 2011) no tocante ao seu artigo 5.1. que quedará redactado como segue:

Poderán optar ás melloras sociais descritas no presente regulamento o persoal laboral do Concello de Oleiros que se atope en activo e prestando servizos nas datas de presentación de solicitudes e do seu pagamento que, de seguido, se detalla:

a) Persoal laboral fixo, interino, en prácticas, e persoal laboral temporal con contrato superior a un ano, adscrito ao Concello de Oleiros. Serán condicións necesarias para recibir a axuda, cumprir os requisitos antes citados e ter realizado o gasto durante o ano inmediatamente anterior ao da convocatoria..

Do mesmo xeito, serán persoas beneficiarias aquelas que -cumprindo o resto dos requisitos- se xubilen o ano de percepción das axudas, aínda que non figuren de alta no momento da solicitude e do pagamento.

Segundo. Modificar o Regulamento de axudas sociais, asistenciais e profesionais para o persoal funcionario do Concello de Oleiros (BOP da Coruña núm. 289, do 17 de decembro de 2008), que no artigo 5.1 que quedará redactado como segue:

Poderán optar ás melloras sociais descritas no presente regulamento os funcionarios de emprego, de carreira ou interinos do Concello de Oleiros, que se atopen en activo e prestando servizos nas entidades referidas nas datas de presentación das solicitudes e do seu pagamento, cun ano de antigüidade como mínimo.





CONCELLO DE
OLEIROS

Do mesmo xeito, serán persoas beneficiarias aquelas que –cumprindo o resto dos requisitos- se xubilen o ano de percepción das axudas, aínda que non figuren de alta no momento da solicitude e do pagamento.

Terceiro. Modificar en ambos regulamentos –persoal funcionario e laboral respectivamente a disposición transitoria-única BIS, deixando sen efecto existente antes desta modificación:

Para o exercicio de devindicación dos anos 2023, 2024, 2025 e 2026 establécense os seguintes topes de axudas para cada traballador segundo o seu grupo de pertenza en función das súas retribucións brutas anuais:

Grupo 1º - 1200 €

Grupo 2º - 600 €

Grupo 3º - 300 €

Grupo 4º - 150 €

En relación ao prazo para a presentación de solicitudes relativas ao exercicio de devindicación do ano 2023 establecerase no mes de abril de 2024, sendo o recollido nos respectivos regulamentos -mes de febreiro- para os seguintes anos aos que se refire este acordo.

Todos aqueles actos ou accións iniciados antes da entrada en vigor da modificación operada por esta disposición, en relación ao exercicio de devindicación correspondente ao ano 2023, se os houbera, entenderanse suxeitos ao recollido nesta disposición.

Esta modificación entrará en vigor e despregará o seus efectos desde o mesmo día 1 de abril de 2024 tras a súa publicación no BOP da Coruña, quedando sen efecto a partir dese momento todos aqueles acordos e disposicións existentes á data da súa aprobación en tanto contradigan o nela recollido”

Cuarto. Aprobar inicialmente a modificación dos regulamentos de axudas sociais, asistenciais e profesionais para persoal laboral e funcionario do Concello de Oleiros, respectivamente nos artigos 5.1 e na disposición transitoria-única bis.

Quinto. Someter o expediente a información pública durante o prazo de trinta días para que as persoas interesadas poidan presentar as alegacións que consideren oportunas. De non presentarse alegacións no dito período, a modificación entenderase aprobada definitivamente e procederase á súa publicación.”

Punto 4.- Aprobación, se procede, da incoación do expediente de expropiación forzosa de terreos para a execución do proxecto de obra de senda peonil e ciclista Naval-Canide

Expón o asunto a 2ª Tte. de alcalde do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, Dª **Margarita Figueroa**, explicando que ó longo dos anos foi unha aposta clara deste goberno municipal de Alternativa dos Veciños, levar a cabo as actuacións necesarias para que a nosa costa fora accesible para as persoas, tanto a través de rutas de sendeirismo coma en bici.

Na actualidade toda a nosa costa ten acceso peonil ou ciclista agás o tramo de Beiramar ata Cambre, que se está completando co saneamento e dragado da Ría do Burgo, e este tramo que vai desde a Praia de Naval a Canide, que é precisamente o que pretenden executar con este proxecto que se achega. Trátase dun tramo de aproximadamente de tres quilómetros, que está en estado natural aínda que existen treitos con rutas xa definidas e que se aproveitan neste trazado, por suposto condicionando o proxecto ó mantemento das actuais condicións ambientais e paisaxísticas e, debéndose contar cos terreos necesarios para a súa execución dos xa uns son de titularidade municipal e outros deben ser obxecto de expropiación.

A senda transcurre por un solo rústico de protección de costas pola zona de protección respectando a servidume de tránsito, cumprindo con todos os requisitos para a súa viabilidade. O proxecto aprobouse na Xunta de Goberno Local de 28 de febreiro xunto coa declaración de utilidade pública de cara a iniciar os trámites para a expropiación





CONCELLO DE OLEIROS

e acadar as autorizacións que procedan para a execución dun proxecto que conta cun orzamento de 2.576.633,01 € (co IVE); prevéndose uns gastos de expropiación de 253.341,61 €, o que fai un total de 2.829.974,62 €.

Por todo isto, propónse iniciar o expediente de expropiación forzosa para a execución do proxecto de obra de senda peonil e ciclista Naval – Canide, ratificando o acordo da Xunta de Goberno Local de 28 de febreiro de 2024 no que se declarou a utilidade pública da expropiación en beneficio da comunidade; abrindo un período de información pública de 15 días hábiles sobre a relación de bens e dereitos cuxa expropiación resulta necesaria para que calquer persoa poida aportar datos ou rectificar posibles erros>; solicitando das 66 persoas titulares que acrediten a propiedade; delegando na alcaldía a competencia para a adopción de acordos, publicándoo no BOP.

Intervén a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, anunciando a súa abstención dado que non están a favor da expropiación forzosa, entende que se debería ter chegado a acordos de cesión.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando que no que atinxe ó acontecido na derradeira sesión plenaria...

Neste intre o alcalde, D. **Ángel García**, sinálalle que ese tema está xa tratado e non procede, que se ciña ó asunto que se vai debater e votar.

Segue coa súa intervención o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, manifestando que no que respecta ó apartado técnico, facer un paseo de fibrocemento non o considera axeitado e no que atinxe ó apartado xurídico, aínda falta a autorización de Costas para levar a cabo o proxecto e a iso, engade que entende que sería máis prudente e tería maior seguridade xurídica contar antes coas autorizacións pertinentes porque afecta a un castro, polo que sería importante coñecer o informe previo de Patrimonio da Xunta de Galicia e, por outra banda, en canto ó tramite ambiental, a lei 21/2013 establece os criterios para poder abrir o ámbito da lei a supostos non taxados ou outras áreas.

Ademais neste espazo, polas súas características debería aconsellarse a emisión de informe ambiental e canto ás razóns políticas, para o seu grupo hai unhas prioridades en canto ás actuacións como son as redes de abastecemento de auga, que está incompleta e nalgún punto en mal estado; as redes separativos de saneamento e pluviais, que non existen e moitas outras de carácter máis urxente que este proxecto, por iso vanse abster.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando que esta obra ten un interese social e popular claro, por iso o seu grupo solicita a máxima protección, considera que a construción dunha pasarela nos cantís pode ser excesivo, aínda que considera que o ancho en fibrocemento tamén é excesivo; non existe protección do castro por parte de Patrimonio da Xunta de Galicia e a iluminación prevista entende que é demasiada, polo que por estas razóns vaise abster.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, manifestando que o concello fixo varios plans para portexer a costa e con este proxecto preténdese culminar as actuacións previstas e que toda a costa sexa peonil, 27 quilómetros de sendas transitadas para uso e disfrute da veciñanza e todos estes proxectos foron executados polo goberno de Alternativa dos Veciños e, nalgúns casos, apoiados por outras forzas políticas.

Votación





Ó non producir máis intervencións, o alcalde ordea que se pase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 23 de febreiro de 2024, acadándose o resultado de **doce (12) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”) e **oito (08) abstencións** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”; dúas (02) do grupo municipal “Socialista” e unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“EXPEDIENTE: 2024/PLANEAM/000003 (FG nº 729)

ASUNTO: incoación do expediente de expropiación forzosa de terreos para a execución do proxecto de obra de senda peonil e ciclista Naval – Canide

Con data 19 de febreiro de 2024, a coordinadora de servizos urbanísticos emite informe do seguinte teor literal (transcrición literal parcial):

“

1. Obxecto do informe

O presente informe emítese para estudar o procedemento axeitado para a tramitación da expropiación para a obtención de terreos para a execución do proxecto básico e construtivo da senda peonil e ciclista Naval-Canide, elaborado por “ESTUDIO TÉCNICO Y CONSULTORÍA DE INGENIERÍA INTEGRADOS, S.L.” co domicilio social na Coruña – rúa Juan de Ciorraga nº 1 – 2º B CP15008 e NIF nº B70413877 (contrato de servizos adxudicado por Resolución da 1ª Tenente da Alcaldía nº 2022003623 26 de xullo do 2022), unha vez este sexa aprobado polo órgano competente.

2. Versión definitiva do proxecto de obra

O proxecto aprobarase pola Xunta de Goberno Local na sesión de febreiro de 2024, con carácter previo á remisión desta proposta ao Pleno para a súa consideración. Sen a previa aprobación do proxecto en Xunta de Goberno Local non ten cabida a tramitación da presente proposta. O proxecto sometido a aprobación é o identificado co NRE 2023002738, de 16 febreiro.

3. Normativa aplicable

- Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (TRLRUR).
- Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia
- Plan de Ordenación do Litoral, aprobado por Decreto 20/2011, de 10 de febreiro
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RSG)
- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Oleiros; aprobación definitiva por Orde de 11 de decembro de 2014, da e Consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas da Xunta de Galicia (BOP da Coruña núm. 29 de 12 de febreiro de 2015, DOG núm. 16 de 26 de xaneiro de 2015).
- Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas
- Decreto 172/2018, do 20 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de organización e réxime de funcionamento do Xurado de Expropiación de Galicia
- Real Decreto 1093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproban as normas
- Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa.
- Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa.

4. Amparo normativo para a execución do proxecto da senda peonil proposta

a) Habilitación xurídica

O Concello de Oleiros vén facendo ao longo dos anos actuacións para conseguir que a costa sexa accesible para que de xeito peonil, ou en bicicleta, se poda recorrer por paseos e rutas de sendeirismo. Na actualidade, toda a





CONCELLO DE
OLEIROS

costa ten un percorrido peonil e/ou ciclista, agás o tramo final dende Beiramar ata Cambre e o tramo entre a praia de Naval e Canide. O primeiro tramo estase a completar coa execución da obra de saneamento e dragado da ría do Burgo, restando por tanto o tramo dende a praia de Naval a Canide, que é o que se pretende executar co proxecto obxecto deste informe para así conseguir a accesibilidade total da Costa do Concello de Oleiros.

Trátase dun tramo de aproximadamente tres quilómetros ao longo da costa que actualmente está en estado natural, se ben existen tramos con rutas preexistentes que se aproveitan no trazado do paseo proxectado. O Concello de Oleiros quere recuperar e facer unha senda peonil que comunique a zona de Naval co parque municipal do sistema xeral de Canide ZV-9. En calquera caso, toda a actuación está condicionada ao mantemento das actuais condicións ambientais e paisaxísticas, así como pola permeabilidade cara á beiramar. A execución desta obra suporá necesariamente que o Concello conte coa dispoñibilidade de terreos, existindo zonas que xa son propiedade municipal e outras que han de ser obxecto de expropiación.

A senda discorre, en atención ao previsto no proxecto obxecto de informe, por un solo rústico de protección de costas (ordenanza 12 do PXOM), e concretamente pola zona de servidume de protección, respectando a servidumbre de tránsito. Establece o artigo 141.2 da normativa urbanística do PXOM que o solo que se atope baixo esta ordenanza pode utilizarse, previa autorización da Comunidade Autónoma, para infraestructuras e obras públicas en xeral, sempre que estean vinculados á conservación, utilización e disfrute do dominio público e do medio natural, así como os que se poidan establecer a través dos instrumentos previstos na lexislación da ordenación do territorio. Obriga tamén a ordenanza a manter e fomentar o respecto, a conservación e a protección dos valores naturais da paisaxe e do medio ambiente. Expresamente queda prohibida a utilización dos areas e zonas húmidas contiguas para a súa acoutación como zonas de aparcamento de vehículos.

Así, cómpre analizar o disposto no Plan de Ordenación do Litoral, aprobado por Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, como instrumento de xestión urbanística que ten como obxecto establecer os criterios, principios e normas xerais para unha ordenación territorial da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sustentabilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e valorización das zonas costeiras, e que afecta á zona de desenvolvemento do proxecto de acordo coas series cartográficas publicadas sobre as afeccións do POL, tratándose dunha zona de protección costeira.





b) Requisitos para a viabilidade do proxecto

En vista do anteriormente exposto, cómpre analizar os seguintes puntos en relación á viabilidade da tramitación e execución do proxecto:

- *Xustificación da implantación. A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable foi adoptada por unanimidade polos 193 Estados membros das Nacións Unidas en setembro de 2015. A nova Axenda recolle 17 obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS), 169 metas, 232 indicadores, centrados en 5 grandes grupos (as coñecidas como 5P): as Persoas, o Planeta, a Prosperidade, a Paz e as Alianzas (Partnerships), os medios para a súa implementación e o mecanismo de seguimento e revisión a escala nacional, rexional e global. Entre estes ODS, o número 11 recolle o obxectivo de dobrar os esforzos para protexer e salvagardar o patrimonio cultural e natural (11.4) e proporcionar acceso universal a zonas verdes e espazos públicos seguros, inclusivos e accesibles, en particular para mulleres e nenos, persoas de idade e persoas con discapacidade (11.7).*

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, en marzo de 2012, publica o Plan Director de Mobilidade Alternativa de Galicia. Trátase dun plan que pretende definir unha rede de vías ciclistas de ámbito interurbano e metropolitano (Rede Básica de Vías Ciclistas de Galicia) e que, ao mesmo tempo, estimula mediante outras medidas o uso da bicicleta e a marcha a pé, xa sexa en solitario ou en combinación co transporte público colectivo, pero de maneira cómoda e segura, como medios de locomoción alternativos ao automóbil.

Ao abeiro desta normativa, aprobouse tamén o Plan de Mobilidade Urbana Sostible do Concello de Oleiros. A creación de esta nova senda peonil e ciclable cumpre coa premisa do apartado 2.2.6. do PMUS do Concello de Oleiros, aprobado por Decreto da Alcaldía 2022004440, de 19 de setembro, e que indica que “as vías peonís deben asegurar a mobilidade a pé da poboación, ben sexa para o desprazamento funcional, para o tránsito a pé con motivos de lecer ou simplemente para a propia estancia nelas”. Este novo itinerario permitirá a conexión das parroquias de Santa Cruz de Liáns a Dorneda de xeito peonil e ciclista, dando ademais continuidade ao resto de paseo marítimo que posúe o Concello de Oleiros, cumprindo “a función de conexión do espazo urbano, garantindo a accesibilidade ás principais infraestruturas de transporte, equipamentos”.

- *Adecuación á zona afectada. O principio reitor da actuación é, dende o primeiro momento, a preservación e coidado da contorna natural na que se ubica a senda peonil, polo incalculable valor que posúe a paisaxe e a riqueza da costa de Oleiros. Respetar a natureza na creación da senda peonil e ciclista é vital por varias razóns, e é por iso que ha de considerarse coidadosamente este principio durante todo o o proceso de planificación, deseño e construción.*

A actuación proposta reduce a mínimos o impacto ambiental e busca conservar a biodiversidade, integrando a senda de xeito harmonioso na paisaxe e preservando a autenticidade da zona. Búscase unha posta en valor desta área, polo que é primordial e o fundamento mesmo da actuación a defensa dos seus atractivos. Por outra banda, servirá tamén a senda peonil e ciclista como ferramenta educativa, no senso de que a creación desta busca tamén sensibilizar e concienciar sobre a importancia da conservación da nosa contorna, fomentando actitudes e comportamentos que contribúan á conservación e protección do medio ambiente.

A zona incluída no ámbito de actuación do proxecto posúe un importante patrimonio natural que é merecedor de ser admirado e visitado a pé ou en bicicleta, polo que, aproveitando pequenos tramos existentes ao comezo e final da senda, búscase construír o roteiro causando o mínimo impacto posible e evitando a xeración de danos no patrimonio natural e a biodiversidade. O propio proxecto conta cun estudo ambiental, medidas correctoras e procedementos de tramitación para evitar que a actuación comprometa os valores existentes na zona.

Os materiais a utilizar na construción da senda foron seleccionados para garantir tamén a integración no medio, cun impacto ambiental mínimo que reduce a pegada ecolóxica da construción. Estes materiais intégranse coa contorna mantendo a súa estética, e manteñen a permeabilidade do chan, beneficiosa para a xestión da auga e a redución de escorrentías. Ao utilizar materiais naturais e métodos de construción sostibles, promóvese a conservación de hábitats naturais e minimízase a perturbación do ecosistema circundante.





- *Integración paisaxística e medioambiental.* Se ben o proxecto non precisa de avaliación ambiental de acordo co artigo 7 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, é fundamental para a súa execución que respecte escrupulosamente o patrimonio natural e paisaxístico desta área do Concello de Oleiros.

Neste senso, o artigo 141 do PXOM contén a Ordenanza 12, de solo rústico de protección de costas, que regula a situación das parcelas afectadas por esta actuación. Este artigo indica, como xa se indicou previamente, a posibilidade de realizar infraestruturas e obras públicas en xeral, sempre queestean vinculados á conservación, utilización e desfrute do dominio público e do medio natural. Agora ben, manterase e fomentárase o respecto, a conservación e a protección dos valores naturais da paisaxe e do medio ambiente. Se ben no ámbito de estudo non existe ningunha Área de Especial Interese Paisaxístico (Decreto 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia) isto non obsta para que a riqueza da zona deba ser protexida polo Concello de Oleiros, empezando polas actuacións nas que actúe como promotor.

Partindo da necesidade de manter no maior grao posible a situación natural da zona, adóptanse diversas medidas tanto para a execución do proxecto como para o mantemento da área en boas condicións. Así, por exemplo, optouse por pavimentos ecolóxicos e drenantes para a execución da senda, sendo esta principalmente en xabre-cemento. Isto dará lugar, en atención ao disposto no proxecto, a unha superficie de paseo cómoda e ao mesmo tempo integrada na paisaxe, polo aspecto moito máis natural que outros pavimentos como poden ser os bituminosos ou o formigón. No caso do carril bici proxectouse o uso de formigón HA-30, desactivado, tratando de combinar a elección dun pavimento eficiente, que aguante a rodadura das bicicletas, e o aspecto natural, que non xere un impacto negativo no medio.

Tamén se adoptan medidas de cara á limpeza e preservación da paisaxe cunha avaliación unha vez finalice a obra, para verificar que non existan residuos que causen un impacto negativo. Como se indicou previamente, o propio proxecto conta cun estudo ambiental, medidas correctoras e procedementos de tramitación para evitar que a actuación comprometa os valores existentes na zona.

c) Autorizacións esixidas para a execución do proxecto

As actuacións desenvólvense en zona de servidume de protección de costas (art. 23 LC), que é a franxa de terreos de propiedade privada lindeira co dominio público marítimo-terrestre, que está suxeita a determinadas limitacións que contén a Lei de Costas co fin de protexer o DPMT. Non se afecta a zona de servidume de tránsito (art. 27 LC). Así, o Decreto 97/2019, do 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre establece que están suxeitas a autorización autonómica en materia de costa en zona de servidume de protección e de conformidade do planeamento urbanístico aplicable as obras, instalacións ou actividades que, pola súa natureza, non poidan ter outro emprazamento, aquelas que presten servizos necesarios ou convenientes para o uso do dominio público marítimo-terrestre, así como as instalacións deportivas descubertas.

Un paseo marítimo cuxo interese está precisamente en que se bordeia a costa de Oleiros non pode ser ubicado noutro lugar, e pretende un uso eficiente e respectuoso coa contorna do DPMT. É por iso que resulta necesaria a autorización da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia.

En atención ao disposto no Plan de Ordenación do Litoral, tamén será necesaria a solicitude de autorización ao organismo competente en materia de ordenación do territorio e paisaxe da Xunta de Galicia, posto que se trata dun uso compatible e a obtención do devandito informe é preceptiva (art. 50 POL), a emitir tamén pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia (Instituto de Estudos dos Territorio).

5. Proxecto de expropiación e causa expropiandi

A contratación e execución do proxecto de obra obxecto deste informe esixe, de conformidade co artigo 236 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, aprobado o proxecto e previamente á aprobación do expediente de contratación da obra, procederase a efectuar o reformulo do mesmo, o cal consistirá en comprobar a realidade xeométrica da mesma e a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa normal execución.

O proxecto aprobarase pola Xunta de Goberno Local na sesión de febreiro de 2024, con carácter previo á remisión desta proposta ao Pleno para a súa consideración. Sen a previa aprobación do proxecto en Xunta de Goberno





Local non ten cabida a tramitación da presente proposta. O proxecto sometido a aprobación é o identificado co NRE 2023002738, de 16 febreiro. O Anexo 5 do proxecto fai referencia á dispoñibilidade de terreos, definindo aqueles que se han de expropiar, e tamén a súa valoración, de acordo co Real decreto 1492/2011, do 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do solo.

5.1. Expropiación non urbanística

A expropiación que se precisa para a execución deste proxecto non supón facer efectiva a ordenación territorial e urbanística, senón que nace das previsións realizadas no PMUS aprobado polo Concello de Oleiros, e o réxime de usos contido no Plan de Ordenación do Litoral. Así, non se dá cumprimento aos requisitos legais para a tramitación da obtención de terreos por medio dun procedemento de expropiación urbanística, debendo acudirse a un expediente de expropiación ordinaria para a xestión da obtención solo, que se poderá tramitar pola vía da urxencia de darse os requisitos esixidos na normativa.

5.2. Causa expropriandi

Para que a Administración poida expropiar, é necesario que exista unha declaración de utilidade pública ou interese social do fin ao que vaia a destinarse o ben ou dereito expropiado (art. 9 LEF). A mencionada declaración leva consigo a autorización para expropiar os bens e dereitos necesarios para a realización das obras ou o establecemento dos servizos. A declaración de utilidade pública do fin da actuación expropiatoria, así como o acordo sobre a necesidade concreta de ocupación duns determinados bens e dereitos, configúranse como requisitos esenciais do procedemento expropiatorio.

A utilidade pública da actuación xustifícase na satisfacción dunha necesidade pública que redunda en beneficio da colectividade, como é a ampliación dos espazos públicos e o goce da contorna por parte da poboación, así como a preservación, defensa e promoción do medio ambiente. Indica o artigo 10 LEF que a utilidade pública enténdese implícita, en relación coa expropiación de inmobles, en todos os plans de obras e servizos do Estado, Provincia e Municipio. Así, a previsión da execución da obra no PMUS, que se tramitou cun trámite de información pública (BOP da Coruña da Coruña núm. 167, de 2 de setembro de 2022), a súa inclusión no orzamento municipal de 2024 e a tramitación do proxecto de obra que se ha de ter realizado por este Concello no momento da expropiación operan como instrumentos habilitantes para o inicio do expediente de expropiacións, conlevando de xeito implícito e de acordo co artigo 10 LEF a declaración de utilidade pública.

6. Tramitación da expropiación

Para iniciarse o expediente de expropiación, deberá aprobarse previamente a versión definitiva do proxecto de obra que habilite á expropiación dos terreos afectados. A expropiación a executar sería unha expropiación ordinaria non urxente, regulada na LEF. Dando por xustificado o presuposto da utilidade pública en atención ao indicado no apartado 5 deste informe, os pasos para a súa tramitación serían os seguintes:

a. Aprobación do acordo de necesidade de ocupación de concretos bens ou dereitos. Conforme ao artigo 15 LEF, a Administración debe resolver sobre a necesidade concreta de ocupar os bens ou adquirir o dereitos que sexan estritamente indispensables para o fin da expropiación. Neste caso, e sendo beneficiario o Concello da expropiación, será este quen realice unha relación concreta e individualizada na que se describan tódolos aspectos materiais e xurídicos dos bens e dereitos a expropiar, incluída a propiedade. En aplicación do REF (art. 3.4 REF), en principio, corresponde ao pleno a aprobación do proxecto de expropiación, con acordo de necesidade de ocupación de bens ou dereitos concretos, solicitando que se presenten os títulos de propiedade das parcelas por parte das persoas interesadas. Ha de terse en conta que, de conformidade co artigo 22.4 da LRBRL, o pleno pode delegar as súas competencias no alcalde ou na Xunta de Goberno Local, salvo as dispostas taxativamente na disposición citada, nas que non se inclúen as relacionadas cos expedientes expropiatorios. Non consta delegación do Pleno do Concello de Oleiros na Xunta de Goberno Local para a tramitación de expedientes de expropiación non urbanísticos.

b. Período de información pública durante 15 días para formular alegacións. O anuncio publicarase no BOP da Coruña, nun dos diarios de maior circulación da provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

c. Resolución sobre a necesidade de ocupación: inicio do expediente expropiatorio. No prazo máximo de 20 días, o pleno (ou órgano no que delegue) resolverá as alegacións e acordará o inicio do expediente expropiatorio. Este acordo publicarase no BOP da Coruña, nun dos diarios de maior circulación da provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, e notificarase individualmente a cantas persoas aparezan como interesadas. Solicitaranse os títulos de propiedade das parcelas que non consten aínda no Concello. Este acordo poderá recurrirse de xeito potestativo en reposición e tamén en vía xudicial, se ben o recurso non terá efecto suspensivo sobre o expediente expropiatorio (STS de 20 de xullo de 1987).





CONCELLO DE
OLEIROS

d. Trámite das pezas separadas de xustiprezo. A determinación do xusto prezo pode ter lugar ben por acordo mutuo entre o expropiante –Concello de Oleiros– e as persoas expropiadas, ou ben mediante un procedemento contradictorio. Así, ábrese un expediente para cada persoa propietaria, no que se realizan as seguintes tramitacións:

- i. Exacta descrición do ben expropiado*
 - ii. Extracto das actuacións realizadas para intentar acadar un mutuo acordo sobre o xustiprezo.*
 - iii. Cruce de follas de aprecio entre a administración e o propietario:*
 - 1. A Administración presenta unha primeira valoración, intentando acadar un acordo coa outra parte.*
 - 2. A interesada ten 20 días para aceptar a oferta ou ben presentar folla de aprecio. Se se acepta, finalízase a peza separada de xustiprezo. A non presentación da folla de aprecio non supón a conformidade.*
 - 3. A Administración terá 20 días para aceptar a folla de aprecio presentada pola interesada ou ben presentar folla de aprecio. Se se acepta pola interesada, finalízase a peza separada de xustiprezo.*
 - 4. De non chegar a acordo, remítese o expediente ao Xurado de Expropiación Provincial.*
 - e. Pago do xustiprezo. Segundo o artigo 48 LEF, o xustiprezo debe ser abonado á persoa expropiada no prazo máximo de 6 meses dende a súa fixación. Establece o artigo 50 LEF que a persoa expropiada terá dereito a que se lle entregue, aínda que exista litixio ou recurso pendente, a indemnización ata o límite en que exista conformidade entre aquel e a Administración, quedando en todo caso subordinada dita entrega provisional ao resultado do litixio. Cando o propietario rexeitar recibir o prezo ou cando existir calquera litixio ou cuestión entre o interesado e a Administración, consignarase o prezo xusto pola cantidade que sexa obxecto de discordia na Caixa Xeral de Depósitos, ao dispor da autoridade ou Tribunal competente.*
- Así, e para garantir a axilidade e eficacia das actuacións da administración, cabe realizar o pagamento das cantidades ata as que haxa acordo no momento en que se remitan os expedientes nos que non se fixe o xusto prezo ao Xurado de Expropiación Forzosa, se ben posteriormente se realizarán os pagos complementarios oportunos para os casos en que se incrementen as indemnizacións, posto que non se xera ningún prexuízo ás persoas interesadas.*
- f. Ocupación dos bens. Regulada no artigo 51 LEF, é presuposto habilitante para a ocupación ter realizado o pagamento ou consignación do importe.*
 - g. Inscripción no Rexistro da Propiedade.*

II. Licitación do proxecto de obra

Unha vez aprobado o proxecto polo órgano competente, obtidas as autorizacións sectoriais e ocupados os terreos tras a expropiación, poderá iniciarse a licitación do proxecto de obra.

(...)”

En vista do anteriormente indicado, esta alcaldía propón que o Pleno, en exercicio das facultades conferidas no artigo 3.4 do Regulamento de Expropiación Forzosa e no artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, adopte unha resolución na que acorde:

PRIMEIRO.- incoar o expediente de expropiación forzosa de terreos para a execución do proxecto de obra de senda peonil e ciclista Naval – Canide, ratificando o acordo de xunta de goberno local de febreiro de 2024 no que se declara a utilidade pública da expropiación proposta ao xustificarse esta na satisfacción dunha necesidade pública que redunda en beneficio da colectividade, como é a ampliación dos espazos públicos e o goce da contorna por parte da poboación, así como a preservación, defensa e promoción do medio ambiente. Indica o artigo 10 LEF que a utilidade pública enténdese implícita, en relación coa expropiación de inmobles, en todos os plans de obras e servizos do Estado, Provincia e Municipio. Así, a previsión da execución da obra no PMUS, que se tramitou con trámite de información pública (BOP da Coruña da Coruña núm. 167, de 2 de setembro de 2022), a inclusión da expropiación no orzamento municipal de 2024 e a tramitación do proxecto de obra que se ten realizado por este Concello –tamén con trámite de información pública– operan como instrumentos habilitantes para o inicio do expediente de expropiacións, conlevando de xeito implícito e de acordo co artigo 10 LEF a declaración de utilidade pública.





CONCELLO DE
OLEIROS

SEGUNDO.- de conformidade co disposto nos artigo 18 e 19 da LEF, abrir un período de información pública de 15 días hábiles, contado a partires do seguinte á publicación de anuncio no BOP da Coruña, sobre a relación de bens e dereitos cuxa expropiación é necesaria para a execución das obras definidas no proxecto referido no apartado anterior, co obxecto de que calquera persoa poda aportar por escrito os datos oportunos para rectificar posibles erros na relación que se publica co anuncio ou opoñerse á necesidade de ocupación. A tales efectos, aprobase inicialmente o proxecto de expropiación para a execución da senda peonil e ciclista Naval – Canide, que contén a seguinte relación de bens e dereitos cuxa expropiación é necesaria para a execución do proxecto:

IDENT. PROXECTO	REFERENCIA CATASTRAL	Titular	M2 a expropiar	Ocupación temporal	Servidumes	Cualificación urbanística
1	15059A011001020000TR	JUAN CELSO PARADA CASTIÑEIRA e MARIA PILAR PÉREZ SÁNCHEZ	162,64	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
2	001800200NJ50A0000QJ	JUAN CELSO PARADA CASTIÑEIRA e MARIA PILAR PÉREZ SÁNCHEZ	195,19	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
3	15059A011000950000TL	ANTONIO ROCHA GÓMEZ, JESÚS SUEIRO VILLAMISAR, MARÍA LEMUS REBOLLO e PATRICIA EUGENIA ROCHA VAZQUEZ	206,86	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
4	15059A011007140000TJ	MARIA DEL CARMEN MARTÍNEZ RAMOS e LEONARDO BARCALA BARROS	174,57	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
5	15059A011007220000TH	MARIA DEL CARMEN MARTÍNEZ RAMOS	41,04	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
6	15059A011007310000TQ	JOSE VILLAR LOJO	767,61	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
7	15059A011007440000TX	MARIA MAGDALENA POSSE PITA	496,97	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
8	15059A011006350000TP	EVA HERMENEGILDA POSSE PITA	239,14	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
9	15059A011000930000TQ	ELISEO PITA COLLAZO	366,38	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
10	15059A011000920000TG	MANUEL GARCÍA GARCÍA e ALBERTO BIURRUN GONZÁLEZ	85,40	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
11	15059A011000900000TB	JOSE ROGELIO GESTAL GARCIA e HERDEIROS DE MARIA CARMEN GESTAL GARCÍA	1.148,39	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
12	15059A011000890000TG	PABLO SANTAMARTA RODRÍGUEZ e ALBERTO BIURRUN GONZÁLEZ	576,17	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
13	15059A011000880000TY	JOSEFA SÁNCHEZ FREIRE	1.894,72	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
14	15059A011000870000TB	MARÍA CARIDAD SÁNCHEZ	689,60	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
15	15059A011000860000TA	FLORA PIÑA COUTO	340,30	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
16	15059A011000840000TH	MANUELA PATIÑO	262,50	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
17	15059A011000830000TU	ELISEO PITA COLLAZO	1.574,88	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
18	15059A011000820000TZ	RAMÓN FARIÑA PARDIÑAS	106,05	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
19	15059A011006320000TY	EMILIO SÁNCHEZ BREIJO	427,27	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
20	15059A011006310000TB	HERDEIROS DE PRESENTACIÓN EIBE SUÁREZ	316,19	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
21	15059A011000800000TE	MARIA DOLORES NUÑEZ GARCÍA	246,41	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
22	15059A011006300000TA	HERDEIROS DE PRESENTACIÓN EIBE SUÁREZ	173,07	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12





CONCELLO DE
OLEIROS

23	15059A011000810000TS	MANUEL ANTONIO SÁNCHEZ MANTEIGA	569,50	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
24	15059A011006930000TW	HERDEIROS DE JAIME DOLDÁN GÓMEZ	286,32	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
25	15059A011006910000TU	CAMILO LUIS CARRAL RODRIGUEZ e CECILIA RAMOS RODRÍGUEZ	121,37	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
26	15059A011006900000TZ	MARÍA POSE SUÁREZ	126,77	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
27	15059A011006890000TH	ANTONIO COLLAZO CASTRO	208,16	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
28	15059A011006880000TU	HERDEIROS DE ILDEFONSO RODRÍGUEZ IGLESIAS	1.595,67	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
29	15059A011006870000TZ	HERDEIROS DE ILDEFONSO RODRÍGUEZ IGLESIAS	1.587,36	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
30	15059A011000570000TG	HERDEIROS DE ILDEFONSO RODRÍGUEZ IGLESIAS e PATRICIA RODRIGUEZ TUBIO FERNANDEZ	142,02	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
31	15059A011000010000TF	HERDEIROS DE ILDEFONSO RODRÍGUEZ IGLESIAS	2.045,46	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
32	15059A011001680000TX	En investigación	72,13	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
33	15059A010003940000TU	En investigación	625,40	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
34	15059A011000020000TM	JUAN ANTONIO OLIVES-ORRIT MARTINEZ	381,61	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
35	15059A011000030000TO	JUAN ANTONIO OLIVES-ORRIT MARTINEZ	245,23	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
36	15059A011000040000TK	HERDEIROS DE JOSÉ GARCÍA TAIBO	353,11	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
37	15059A010001020000TS	MANUELA GARCÍA TAIBO	921,17	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
38	15059A010001040000TU	PINTURAS MELDORF S.A.	565,61	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
39	15059A010001050000TH	JOSEFA FERNÁNDEZ GARCÍA	201,26	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
40	15059A010001030000TZ	PINTURAS MELDORF S.A.	307,69	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
41	15059A010003840000TD	En investigación	13,35	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
42	15059A010000800000TA	HERDEIROS DE MANUEL GARCÍA TAIBO	239,39	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
43	15059A010000790000TY	HERDEIROS DE MARÍA LUCÍA GARCÍA GONZÁLEZ	372,68	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
44	15059A010001490000TT	SANTIAGO HERNÁNDEZ IBÁÑEZ e MARIA PILAR PÉREZ SUBIAS	843,18	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
45	15059A010000520000TQ	JOSEFA FERNÁNDEZ GARCÍA	60,19	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
46	15059A010000510000TG	ANTONIO EMILIO NÚÑEZ BARCIA e BEVERLY NÚÑEZ	156,99	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
47	15059A010000500000TY	MARÍA MERCEDES PAN MOSCOSO	177,23	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
48	15059A010003820000TK	En investigación	148,08	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
49	15059A010000490000TQ	ANTONIO EMILIO NÚÑEZ BARCIA e BEVERLY NÚÑEZ	866,33	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
50	15059A010000480000TG	HERDEIROS DE MARIA DEL ROSARIO DEL MORAL AGUADO	446,13	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
51	15059A010000470000TY	ANTONIO EMILIO NÚÑEZ BARCIA e BEVERLY NÚÑEZ	473,04	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12





CONCELLO DE
OLEIROS

52	15059A010000460000TB	FERNANDO GUTIERREZ GUTIERREZ	2.622,55	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
53	15059A010000450000TA	ANTONIO EMILIO NÚÑEZ BARCIA e BEVERLY NÚÑEZ	620,78	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
54	15059A010000440000TW	TERESA FERNÁNDEZ GARCÍA	177,34	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
55	15059A010000430000TH	JOSE FRANCISCO SALINAS TIZÓN	355,60	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
56	15059A010000420000TU	MANUEL GONZÁLEZ RAMOS	423,14	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
57	15059A010000410000TZ	MANUEL IGLESIAS RAMOS e CASILDA CASTRO PONTE	701,81	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
58	15059A010000400000TS	XOSÉ FRANCISCO GARCÍA PAZOS e LUIS GARCÍA PAZOS	544,70	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
59	15059A010000390000TU	JORGE JUAN GARCÍA NEIRA	512,39	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
60	15059A010000380000TZ	JOSÉ ILLANES ILLANES	253,66	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
61	15059A010000370000TS	MARÍA SALINAS GARCÍA	231,68	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
62	15059A010000360000TE	CANDELARIA MARTÍNEZ VÁZQUEZ e HERDEIROS DE MARIA DEL CARMEN RÍOS MARTÍNEZ	1.636,88	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
63	15059A010000250000TM	HERDEIROS DE ANTONIA GARCÍA TAIBO	1.033,36	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
64	15059A010000240000TF	MARIA DOLORES PASCUAL QUINTAS	767,13	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
65	15059A010000230000TT	HEREDEROS DE MARIA GARCIA TAIBO	100,40	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12
66	15059A010000130000TA	MARIA BEGOÑA ENGRACIA SILVA CONDE, LARA MOSQUERA CERECEDO e MARÍA TERESA FURELOS TORAL	37,90	Non	Non consta	Solo rústico Protección de Costas Ord, 12

TERCEIRO.- solicitar que as persoas titulares de dereitos afectados presenten os títulos de propiedade das parcelas, a fin de acreditar a titularidade destas.

CUARTO.- de conformidade co artigo 22.4 da LRBRL, delegar na alcaldía a competencia para a adopción de todos cantos acordos corresponda adoptar a este Pleno en relación co expediente de expropiación ao que se refire o punto PRIMEIRO deste acordo, incluíndo entre outros a resolución de calquera recurso en vía administrativa, a resolución sobre a necesidade de ocupación, a tramitación e resolución de pezas separadas de xustiprezo, acordos en relación co pagamento e ocupación dos bens expropiados e personamento en procesos contraditorios en relación co xustiprezo ante o Xurado de Expropiación de Galicia.

QUINTO.- publicar este acordo no BOP da Coruña, nun dos diarios de maior circulación da provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, así como na páxina web. “

Punto 5.- Aprobación inicial, se procede, da modificación de crédito 2024/MODOR/000006, de concesión de Suplemento de Créditos, para a execución da obra de Mellora de Eficiencia Enerxética na Escola Infantil “A Pardela” - FASE I

Expón o asunto a 2ª Tte. de alcalde do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, Dª **Margarita Figueroa**, explicando que a finais de novembro do ano pasado adoptouse un acordo co Consorcio Galego de Igualdade e Benestar para a realización das obras necesarias para atender as deficiencias existentes na Escola Infantil A Pardela, por parte deste concello.





CONCELLO DE OLEIROS

O nomeado Consorcio financiará parcialmente esta obra, aplicando o réxime de cofinanciamento nos servizos prestados nos que prevé que os posibles gastos de investimento que se realicen polo concello nas Escolas Infantís poderán ser tidos en conta a efectos das liquidacións a practicarlles.

Estas obras téñense previsto executar en dúas fases; no intre de asinar o acordo, o importe estimado para a primeira fase, a desenvolverse durante os meses de xuño a setembro deste ano, coa fin de non alterar a vida escolar, cun proxecto de obra definitivo por un importe de 399.915,02 €.

Do nomeado importe, o Consorcio achega 117.000 €; 58.500 € en 2024 e 58.500 € en 2025, asumindo o concello a cantidade restante de 282.915,02 €, un 70,75% da obra. A achega do Consorcio compensarase coas liquidacións que debe aportar o concello polo mantemento da sinalada Escola Infantil, de xeito que non se aboarán as liquidacións correspondentes ós anos 2024 e 2025.

Polo exposto, o acordo que traemos ó pleno é a aprobación dun expediente de Suplemento de Créditos, para a execución da obra de “Mellora da Eficiencia Enerxética na Escola Infantil A Pardela - Fase I”, por un importe de 58.500 € que se financiará coa baixa de créditos previsto no orzamento para o pagamento da 1ª e 2ª liquidación de 2024 da Escola Infantil A Pardela, que o Concello non deberá abonar segundo a acta da reunión co Consorcio Galego de Igualdade e Benestar de 29 de novembro de 2023, propoñéndose a aprobación inicial, abríndose un prazo de información pública polo prazo de quince días.

Intervén a voceira do grupo municipal “Popular”, Dª **Mª Dolores Silva**, manifestando que sorprende que unha vez aprobado o orzamento municipal achéguese un expediente de modificación de crédito para una obra que entenden que debería estar prevista.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, dicindo que debe aproveitarse isto para facer unha reflexión, no sentido de que con estas obras vaise xerar unha mellora enerxética inmediata, isto é o que se debe facer coa política de investimentos. Cofinánciase unha actuación con outra administración e agarda que este sexa o camiño cara o futuro.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que non se puido incluír no documento orzamentario porque nese intre estíbese negociando co Consorcio Galego dado que non querían co financiar nada, houbo que chegar a ameazalos de que pecharían a escola infantil de non aportar financiamento.

Votación

Ó non producir máis intervencións, o alcalde ordeia que se pase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 23 de febreiro de 2024, acadándose o resultado da unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, é dicir, por **vinte (20) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“A 6ª Tenencia de Alcaldía delegada de Servizos Sociais e a 4ª Tenencia delegada de Obras Públicas propoñen a aprobación dun Suplemento de Créditos, para a execución da obra de MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA NA EI A PARDELA - FASE I.





A xustificación da dita modificación atópase no acordo adoptado co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para a realización por parte do Concello de Oleiros das obras necesarias para atender ás deficiencias existentes na Escola Infantil da Pardela. O Consorcio Galego da Igualdade e do Benestar financiará parcialmente a dita obra, aplicando o réxime de cofinanciamento nos servizos prestados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar regúlase no artigo 69 da Lei 2/2017, que prevé que os posibles gastos de investimento que se realicen polo Concello nas escola infantil, poderán ser tidos en conta para os efectos das liquidacións ao abeiro das previsións contidas no antedito acordo marco. Así, tal e como se establece no apartado 4º do anexo I deste acordo marco, a Comisión de Seguimento poderá decidir que a achega económica anual do Concello se faga efectiva en todo ou en parte mediante o financiamento ou cofinanciamento dese posible investimento, de acordo coa valoración da mesma.

O acordo contempla que o importe das liquidacións correspondentes á escola infantil da Pardela en relación coa 1ª e 2ª liquidación de 2024 e a 1ª e 2ª liquidación de 2025, destinarase ao cofinanciamento do importe previsto para a 1ª fase das obras, cuxo importe total estimado da 1ª fase ascende a 381.436,16€ (incluído o IVE, os gastos xerais e o beneficio industrial), debendo ser por conta do Concello o importe restante previsto para a referida 1ª fase. O importe estimado para as referidas liquidacións ascende a 117.000 euros, o que supón que, unha vez descontado o importe das actuacións que se realicen por este mesmo importe, o Concello non haberá de aboar cantidade ningunha en concepto de 1ª e 2ª liquidación de 2024 e de 1ª e 2ª liquidación de 2025 en relación coa Escola Infantil da Pardela de Oleiros.

Trátase de gastos específicos e determinados, que non poden demorarse ao exercicio seguinte, e para os que o crédito existente no orzamento en vigor resulta insuficiente, polo que procede a aprobación dun suplemento de créditos.

Por todo o que antecede, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primero.- Aprobar inicialmente a modificación de crédito 2024/MODOR/000006, de concesión de Suplemento de Créditos, na aplicación orzamentaria 60.933.63200, denominada OOPP. Xestión do patrimonio. Inv. Rep.: Edif. e outras construc, por importe de 58.500 euros, aos efectos de dotar de cobertura orzamentaria para a execución da obra de MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA NA EI A PARDELA - FASE I.

O presente suplemento de créditos finánciase, tal e como prevé o artigo 36.1.c) do R.D. 500/1990, mediante anulacións ou baixas de créditos da seguinte aplicación do Orzamento vixente non comprometida, cuxa dotación se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo: aplicación 70.231.45100 Asistencia Social. Transf. CCAA, polo importe das achegas ao Consorcio Galego da Igualdade e do Benestar correspondentes á 1ª e 2ª liquidación de 2024 da Escola Infantil A Pardela, que o Concello non deberá abonar segundo a acta da reunión de 29/11/2023.

Segundo.- Dispoñer a apertura dun período de información pública de 15 días hábiles mediante a publicación dun edicto no BOP, de acordo co disposto polo artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, para que se poidan presentar reclamacións.

Terceiro.- No caso de que transcorra o prazo citado sen que se presenten reclamacións, o orzamento quedará aprobado de xeito definitivo e se disporá a publicación do resumo por capítulos nos termos previstos polo artigo 169.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, e se remitirá copia á Administración xeral do Estado e á Xunta de Galicia.”

Punto 6.- Dar conta da información remitida ao Ministerio de Facenda relativa á execución do orzamento e cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria regulados na Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, correspondentes ao 43º trimestre de 2023

Tódolos concelleiros e concelleiras asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* da información remitida ó Ministerio de Facenda e AAPP relativa á execución e cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria regulados na Lei Orgánica 2/2012, correspondente ó 4º trimestre de 2023.

Punto 7.- Dar conta da información sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Oleiros previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, correspondente ó 4º trimestre de 2023





CONCELLO DE
OLEIROS

Tódolos concelleiros e concelleiras asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* da información sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Oleiros previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, correspondente ó 4º trimestre de 2023.

Punto 8.- Dar conta do Decreto da Alcaldía nº 2024000543, mediante o cal se delega a representación municipal nas xuntas de compensación urbanísticas no 4º Tte. alcalde, D. Antonio Molinos Marcote

Tódolos concelleiros e concelleiras asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* do Decreto da Alcaldía nº 2024000543, de 5 de febreiro, mediante o cal se delega pola alcaldía a representación municipal nas xuntas de compensación urbanística no 4º Tte. de alcalde, D. Antonio Molinos Marcote.”

Punto 9.- Dar conta do Decreto da Alcaldía nº 2024000886, mediante o cal se delega de xeito temporal a presidencia das sesións da comisión informativa de “Asuntos de competencia plenaria” na 2º Tte. alcalde, Dª Margarita Figueroa Vázquez

Tódolos concelleiros e concelleiras asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* do Decreto da Alcaldía nº 2024000886, de 22 de febreiro, mediante o cal se delega pola alcaldía a presidencia das sesións da comisión informativa de “Asuntos de competencia plenaria” na 2º Tte. alcalde, Dª Margarita Figueroa Vázquez.

Punto 10.- Dar conta dos Decretos da Alcaldía e dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2024000212 ata o nº 2024000922

Todas as concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* dos Decretos da Alcaldía e das Resolucións dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2024000212 ata o nº 2024000922, ámbolos dous inclusive.

Punto 11.- Mocións, rogos e preguntas

- **mocións**

O alcalde, D. **Ángel García**, manifesta que o goberno municipal de “Alternativa dos Veciños” presenta unha moción para tratarse nesta sesión dado que o Consorcio As Mariñas está adscrito a este concello.

11.1.- Moción do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños” autorizando ó Consorcio As Mariñas concertar unha operación de crédito para necesidades transitorias de liquidez

Expón o asunto o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que o Consorcio As Mariñas presentou unha solicitude de acordo para permítilles acudir a unha liña de crédito necesaria neste intre para o pagamento de facturas, esta necesidade ven dada porque o Consorcio, como saben, unha vez modificada a normativa destes entes foi adscrito ó Concello de Oleiros.

Votación da urxencia





CONCELLO DE
OLEIROS

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado da unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, é dicir, **vinte (20) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular”; dúas (02) do grupo municipal de “Socialista e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *tratar* a moción presentada polo goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, manifestando que o servizo de recollida do lixo é esencial e coincide no fundamento que atesora esta solicitude en canto a que non pode pararse. Neste intre o Consorcio reclamoulle á empresa concesionaria un reintegro de 11 de millóns de euros e que para él ten visos de prosperar. Dito isto, non entende o motivo polo que non se achegou este asunto á ditame da comisión informativa do pasado 23 de febreiro e, en todo o caso, visto o fondo do asunto votaran a favor.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que non se incluíu na comisión informativa porque, inicialmente opúxose a esta petición, debido a que hai moitos concellos do Consorcio que teñen débedas importantes co mesmo. O que non se debería permitir é que isto provoque que haxa que solicitar unha liña de crédito e, a maiores, pode afectar no futuro á hora de pedir posibles préstamos bancarios para este concello, pero despois de falar o asunto co presidente do Consorcio e tralos informes da intervención do mesmo, cre que se debe aprobar.

Votación da moción

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da moción presentada polo goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, acadándose o resultado da unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, é dicir, **vinte (20) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular”; dúas (02) do grupo municipal de “Socialista e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación aproba a moción presentada polo goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, que conta coa seguinte parte dispositiva:

- Autorizar ao Consorcio As Mariñas que concerte unha operación de tesourería por importe de 3.400.000 € para facer fronte a necesidades transitorias de liquidez.

11.2.- Moción do grupo municipal “Popular” para creación dun servizo de mantemento viario no Concello de Oleiros

Procede a dar lectura á moción presentada a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, que se transcribe:

“Exposición de motivos:

Dispoñer dunha rede de estradas e camiños en bo estado é unha necesidade básica para a cidadanía de calquera concello, moito máis importante que o investimento en grandes infraestruturas para uso cultural ou deportivo, como é o multiusos de Bastiagueiro.





CONCELLO DE OLEIROS

A ampla rede de estradas e camiños de titularidade municipal necesita de continuas reparacións, non só un correcto arranxo das fochancas, tamén a limpeza de beiravías e sumidoiros, reasfaltados periódicos, mantemento da sinalización horizontal e vertical, etc.

O concello non dispón de persoal e maquinaria específicos para estes menesteres, como se teñen a Deputación provincial e a Xunta de Galicia para as súas vías, o que produce que as reparacións se demoren e, en ocasións, non sexan da calidade necesaria.

Este equipo pódese formar con persoal municipal capacitado ou ben, contratar coas empresas externas mediante a oportuna licitación. Por todo elo, propoñemos que o pleno adopte o seguinte acordo:

1º.- Realizar un estudio para saberse o concello dispón do persoal e medios necesarios para dito servizo ou ben, debe licitalo con empresas externas e á vista do mesmo, proceder a súa asignación ou licitación.

2º.- Acordar a creación dun servizo municipal específico ara o mantementos das estradas e camiños municipais, que se ocupe exclusivamente e cos medios axeitados, da conservación das vías, o seu correcto asfaltado, sinalización, limpeza de beiravías e sumidoiros, etc.”

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado da unanimidade dos presentes nesta sesión, é dicir, por **vinte (20) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal de “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *tratar* a moción presentada polo grupo municipal “Popular”.

Intervén o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, dicindo que o seu grupo podería estar de acordo con esta moción se estivese máis detallada, dado que depende dos viais sobre os que plantexen actuar, é dicir, as tarefas a abordar podería ser realizado por medios municipais ou noutros casos, externalizalo. Por iso, entende que a proposta debería ser máis rigurosa e o seu grupo ofrécese para ver se esta iniciativa pode ser viable.

O voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinala que está de acordo co fondo da moción aínda que de aprobarse, propón que sexa a través medios municipais e non de contratalo externamente.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que non contan con medios para facer estes labores nin a Xunta de Galicia, nin a Deputación provincial. Para esta tarefa contratan diversas empresas, pola contra, o Concello conta cun equipo que mantén camiños e cando non é capaz de asumir a demanda, porque non se pode levar a cabo en calquera momento, é cando se acode a medios externos.

Votación da moción

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da moción presentada polo grupo municipal “Popular”, acadándose o resultado de **cinco (05) votos a favor** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”); **tres (03)**





CONCELLO DE
OLEIROS

abstencións (dúas (02) do grupo municipal de “Socialista” e unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **doce (12) votos en contra** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *rexeita* a moción presentada polo grupo municipal “Popular”.

Antes de proceder a seguir coa quenda de mocións, o alcalde sinállalle ó grupo “Socialista” que das propostas de mocións presentadas tres son rogos; na primeira, relativa á necesidade de mellora do arboreado municipal, toman nota e o pasan á área de servizos municipais que xa ten en marcha o novo contrato de mantemento; na segunda, sobre a necesidade de mellorar a transparencia no novo proceso de axudicación do contrato de limpeza viaria, dicirlles que se está levando a cabo xa polos servizos técnicos encargados da confección dos pregos de condicións cumprindo a resolución do TACGAL.

En canto ó último, sobre a petición de mellora de convivencia e calidade democrática no concello, toman nota deles tanto o goberno municipal coma él mesmo. Por isto, de seguido, dá a palabra á voceira do grupo “Socialista” para que expoña a moción presentada referente a un posible novo Centro de Saúde na localidade de Mera.

11.3.- Moción do grupo municipal “Socialista” para solicitar a construción dun novo Centro de Saúde para Mera

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, salientando que como noutas sesións plenarias estase a recurtar a participación do seu grupo e abunda de que ten experiencia noutros foros similares e sobre a consideración de carácter de moción ou non.

Engade sobre esta cuestión, que moción é todo aquilo que conta cunha exposición de motivos e, finalmente, unha ou varias peticións de acordo.

Sobre a que se vai tratar, de petición de construción dun novo Centro de Saúde en Mera, pon de manifesto que:

- Se inician os tramites para posta a disposición por parte do concello do terreo necesario para construír un novo Centro de Saúde.
- O actual Centro de Saúde resulta insuficiente e o goberno da Xunta de Galicia do Partido Popular non se plantexa facer unha consulta médica máis no actual.
- Non entenden a postura do goberno municipal de non apoiar a construción dun novo Centro de Saúde porque ó ritmo que se está a construír na zona norte do concello, con novas urbanizacións xa aprobadas e previstas, as instalacións actuais resultarán nun curto prazo de tempo insuficientes, ademais de precisarse tamén máis persoal sanitario para atender a actual e futura demanda da poboación.
- As instalacións actuais contan cunha serie de eivas que ve difícil de solucionar, como é a propia edificación que xa conta con deficiencias na actualidade para a finalidade que debe prestar, imaxínense cara o futuro; non conta cun acceso axeitado para ambulancias e ademais, ten falla dun aparcadoiro decente nin para o persoal nin para as persoas usuarias.

Por todo isto, a moción baséase fundamentalmente en dous acordos a adoptar:

1º.- Que se proceda de xeito inmediato a iniciar os tramites para a cesión á Xunta de Galicia dos terreos necesarios para construción dun novo Centro de Saúde en Mera.





CONCELLO DE
OLEIROS

2º.- Solicitar da Xunta de Galicia que nos seus próximos orzamentos de 2025 engada a partida suficiente necesaria para a construción desta nova instalación sanitaria.

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado da unanimidade dos presentes nesta sesión, é dicir, por **vinte (20) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal de “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *tratar* a moción presentada polo grupo municipal “Socialista”.

Engade a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, que con esta nova instalación se lle dará solución ás necesidades sanitarias presentes e futuras da poboación de Mera e da zona norte do concello.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que a postura do goberno municipal é clara neste asunto, dado que xa presentaron unha iniciativa respecto do arranxo do actual centro médico e que consiste en habilitar a planta superior, considerando que sería suficiente para dar cobertura ás necesidades sanitarias da zona norte do concello.

Votación da moción

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da moción presentada polo grupo municipal “Socialista”, acadándose o resultado de **dous (02) votos a favor** (dous (02) do grupo municipal de “Socialista”); **seis (06) abstencións** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **doce (12) votos en contra** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *rexeita* a moción presentada polo grupo municipal “Socialista”.

*** rogos e preguntas**

11.4.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre desenvolvemento, funcionamento e difusión das sesións plenarias ordianrias

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:

“Faise necesario dignificar o desenvolvemento dos plenos municipais, evitando por tódolos medios que se produzan insultos ou faltas de respecto cara outros membros da corporación, como aconteceu no derradeiro celebrado. Así mesmo, o goberno municipal debe dar cumprida e completa resposta a tódolos rogos e pregunta formuladas polos grupos da oposición. A exigencia de representalos previamente por escrito permite que se contesten de forma completa e detallada a cada un deles, sen respostas evasivas ou incompletas. Urxe tamén a retransmisión dos plenos no canal de You Tube do concello, ou pola canle oportuna, para que a cidadanía coñezan directamente o desenvolvemento dos mesmos.”

11.5.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre adopción de medidas para ter en boas condicións as árbores municipais

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:





CONCELLO DE OLEIROS

“Continua a caída de polas e árbores con risco para as persoas e bens; xunto á Casa do Pobo de Nós, árbores secos en Xaz, un leva dous meses caído na Rúa Casares Quiroga, polas en Fonte de Álvaro; palmeiras con picudo que se caen, etc. Os cada días máis frecuentes episodios de borrascas explosivas e fortes ventos fai necesaria a continua revisión do estado do arborado municipal.”

11.6.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre desprendementos de terras na Rúa Rafael Alberti

Expón o rogo a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a **Vanessa Domínguez**, sinalando:

“O desprendemento de terras na Rúa Rafael Alberti en Sta. Cristina, debe repararse con urxencia, proceda a súa reparación ou exixa ó propietario que o arranxe, ó igual que fai coas súas exixencias á Demarcación de Cotas.”

11.7.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre eliminación de plumachos nas fincas

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Antonio Corredoira**, sinalando:

“As cartas remitidas á veciñanza exixindo a eliminación de plumachos nas súas fincas aplicouse tamén a vostede respecto da súa finca en Fonte D’Ouro? O feito de que a finca estea arrendada ou cedida non lle exime da súa responsabilidade. Rogan que solucione esta situación pouco exemplar.”

11.8.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre retraso no inicio das obras da Avda. Sta. Cristina e liña de axudas para os hostaleiros

Expón o rogo a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a **Vanessa Domínguez**, sinalando:

“O retraso no inicio da obra na Avenida de Sta. Cristina vai provocar gravex perxuizos ós hostaleiros durante o verán. Rogan que se tomen as medidas necesarias para minimizar as molestias que lles van ocasionar e aproben axudas para compensar as perdas que lles produzan por mor das obras.”

11.9.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre realización de tarefas de mantemento nos xardíns existentes na Lagoa de Mera

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **Carmen Acuña**, sinalando:

“O Grupo Municipal Socialista a través deste rogo solicita do Concello de Oleiros que as tarefas de mantemento e reparación de xardíns na Lagoa de Mera non se realicen en horario de mañá xa que coinciden co horario do Centro de Saúde e do Colexio, complicando o normal desenrolo da actividades citadas polos ruídos xerados e pola posibilidade de que algunha pedra saia proxectada e cause un accidente.”

11.10.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre mantemento das marquesiñas no termo municipal

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **Carmen Acuña**, sinalando:

“O Grupo Municipal Socialista a través deste rogo solicita ao Concello de Oleiros que se faga o mantemento periódico das marquesiñas xa que algunhas atópanse en bastante mal estado dando unha imaxe de deterioro dos servizos públicos que non se corresponde coa elevada carga de taxas e tributos que Oleiros repercute nos veciños e veciñas.”

11.11.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre adopción de comportamento exemplar tanto dos membros corporativos coma do público asistente nas sesións do pleno da corporación

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“O Grupo Municipal Socialista a través deste rogo solicita ó Concello de Oleiros que se impulse un comportamento exemplar e axustado á lei nos plenos tanto do alcalde e o seu grupo de goberno coma do público asistente.”

11.12.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre a urxente licitación do novo contrato de mantemento de zonas verdes municipais

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“O Grupo Municipal Socialista a través deste rogo solicita que se poña en marcha con urxencia a licitación do novo contrato de mantemento de zonas verdes, cuia vixencia esgotouse no 2023 á vista dos gravísimos





CONCELLO DE OLEIROS

incidentes que se están a producir como no caso dunha árbore de grandes dimensións que caíu recentemente ao carón da Escola Infantil de Mera e do Centro de Saúde.”

11.13.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre adopción de medidas de transparencia e seguridade no novo proceso de adxudicación do contrato de limpeza viaria

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“O Grupo Municipal Socialista a través deste rogo expón a necesidade de dotar de transparencia e seguridade xurídica no novo proceso de adxudicación do contrato de limpeza viaria unha vez que o Tribunal Administrativo de Contratación Pública Galicia (TACGAL) anulou a adxudicación do contrato de limpeza viaria de 4,5 millóns de euros por eivas graves na súa tramitación e falla de transparencia. Este rogo faise extensivo a outros contratos, solicitando tamén a asunción inmediata de responsabilidades políticas cando ocorran gravísimos episodios de mala xestión como é o caso.”

11.14.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre habilitación de espazo público no ámbito de Sta. Cristina a disposición da cidadanía para poderse xuntar

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“En Santa Cristina non existe ningún servizo para cesión á cidadanía para que se poida reunir. No pasado este servizo prestábase nos baixos da Vila Etxeberri e na actualidade non coñecen ningún lugar hábil a disposición da cidadanía, polo que rogan que habiliten algún local en Santa Cristina para poñelo a disposición da cidadanía.”

11.15.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre eivas na zona peonil da Rúa Subiña

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Na recente renovación da Rúa Subiña, alén do complicado que é “zizaguear” dun lado ao outro da estrada para camiñar polas zonas peonís, existe algún treito sen beirarrúa ou beiravía para os peóns nesas zonas, porén si existen prazas para estacionar vehículos, solicitan que se arranxe esta situación non primando as zonas de estacionamento sobre as peonís.”

11.16.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre o novo procedemento de contratación do servizo de limpeza viaria con maior transparencia e seguridade xurídica

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“A adxudicación do contrato de limpeza viaria do Concello de Oleiros á empresa Valoriza é un procedemento sen a debida transparencia, especialistas que abeiran unha decisión que nada teñen que ver co contrato, ausencia de motivación, informes que nada explican... conclúe o Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia (TACGAL). Moi deficiente pois en transparencia, que é o principio vertebrador da contratación pública en relación con todos os licitadores implicados e coa cidadanía que vai pagar os contratos. Agora toca reiniciar o procedemento de licitación cos atrasos que vai supor, polo que piden que remate con estas prácticas incompatíbeis coa contratación pública.”

11.17.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre contratacións externas para prestar competencias propias

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“O Concello de Oleiros sacou a contratación por 100.150 euros, impostos incluídos, unha asistencia técnica para a captación de fondos europeos e axudas nacionais, autonómicas e provinciais. Trátase dun contrato por dous anos con posibilidade doutros dous de prórroga e un valor estimado de 165.538 euros.

Semella que perante a incapacidade do Concello de optar con garantías aos fondos e axudas de diferentes institucións, precisa externalizar e privatizar na práctica máis unha competencia pública para non seguir coa preocupante sangría de fondos públicos que lastran proxectos esenciais para o Concello, polo que piden que remate con estas prácticas de externalizar e procedan a actuar coa debida dilixencia na procura de fondos públicos cuxa perda afecta tan gravemente á cidadanía.”

11.18.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre revisión dos traballos de remate das obras de acceso da Vía Ártabra ó Porto de Lorbé





CONCELLO DE
OLEIROS

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal "Mixto"-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

"A Xunta rematou, non foi sen tempo, as obras do acceso da castrada Vía Ártabra ao Porto de Lorbé con diversas deficiencias nos acabados, na circulación peonil moi limitada e nos obstáculos para a mesma como determinados caldeiros do lixo ou o container do vidro, pide que se revise esta situación."

11.19.- Pregunta do grupo municipal "Popular" sobre anulación da adxudicación do contrato de limpeza viaria

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal "Popular", D. **Antonio Corredoira**, sinalando:

"O Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia anulou a adxudicación do servizo de limpeza viaria ¿Cales son as razóns polas que este Tribunal anula a devandita adxudicación?; ¿Quen é o responsable da deficiente licitación?; ¿Cando se vai realizar unha nova licitación e qué medidas pensan adoptar para que sexa transparente e conforme á legalidade?."

11.20.- Pregunta do grupo municipal "Popular" sobre edición dunha publicación da Biblioteca Rialeda e xardín

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal "Popular", D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:

"Anunciaron a publicación dun novo libro sobre a Biblioteca de Rialeda e o seu xardín. O Concello estase a converter nunha editorial ¿Qué valor e necesidade ten dita publicación?; ¿Cal é o seu custe?; ¿Qué difusión pensan darlle?."

11.21.- Pregunta do grupo municipal "Popular" sobre ocupación dunha vivenda na Rúa República Uruguay

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal "Popular", D. **Jorge Platas**, sinalando:

"Recentemente ocupouse unha vivenda na Rúa República Uruguay con moitas persoas. Ó parecer dita vivenda é propiedade dalgún familiar seu ¿Qué medidas tomaron ou pensa tomar para rematar coa ocupación?."

11.22.- Pregunta do grupo municipal "Popular" sobre temas de seguridade no Concello de Oleiros

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal "Popular", D. **Jaime Núñez**, sinalando:

"Nunha das intervencións do alcalde na radio alertou do incremento de roubos en vivendas en Montrove. Alégrralles que tomara conciencia do problema de seguridade que hai en Oleiros, sen embargo, non ven que se decida por ter unha plantilla de Policía Municipal acorde coa poboación e extensión do municipio ¿Cando pensa convocar novas prazas de Policía Local?."

11.23.- Pregunta do grupo municipal "Popular" sobre obras a acometer no Depósito de Auga de Sarro (Nós)

Formula a pregunta a concelleira do grupo municipal "Popular", D^a **Venessa Domínguez**, sinalando:

"Achégase o verán e seguen sen acometerse as obras do depósito de auga en Sarro (Nós) ¿Cómo van as negociacións con EMALCSA para executar esta obra imprescindíble para a subministración de auga potable?."

11.24.- Pregunta do grupo municipal "Socialista" sobre contía e utilidade da guía de empresas editada

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal "Socialista", D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

"Queren coñecer a contía do gasto feita polo Concello na guía de empresas e servizos enviada ós domicilios da veciñanza e a súa utilidade no impulso ó comercio de proximidade."

11.25.- Pregunta do grupo municipal "Socialista" sobre oferta en preparativo do vindeiro mundial de fútbol 2030

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal "Socialista", D. **Jesús Fernández**, sinalando:

"Sobre a ausencia e silencio de Oleiros fronte a oferta que están a facer concellos limítrofes (Arteixo e Abegondo) nos preparativos do mundial de fútbol 2030."

11.26.- Pregunta do grupo municipal "Socialista" sobre informe técnico ligado á ampliación solicitada polo Concello da Casa do Mar de Mera para Centro de Saúde

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal "Socialista", D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

"Queren coñecer se existe un informe técnico no Concello de Oleiros que certifique que a parte superior da Casa do Mar de Mera permitiría esa ampliación do Centro de Saúde que tanto anuncia e defende o propio





CONCELLO DE
OLEIROS

concello. Informe que inclúa estudo geotécnico e de viabilidade estrutural así como valoración total do custo que suporía a actuación proposta en relación co custo de construción dun edificio novo.”

11.27.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre participación nun acto público dun concelleiro en situación de baixa por paternidade

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

“Considera o Goberno municipal, oportuna e ata legal, a participación, nun acto convocado polo propio Concello, dun concelleiro en situación de baixa por paternidade?”

11.28.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre contratación de asistencia técnica para captar fondos europeos, estatais, autonómicos e provinciais

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“Cal é o motivo de que tras perder case 2.500.000 € pola pésima formulación das solicitudes de axudas na Senda de Iñás ou no Mercado de Perillo decídanse a sacar agora un contrato de 200.000 € para “Servizos de asistencia técnica para a captación de fondos europeos, estatais, autonómicos e provinciais”, cantidade importante en “asesoría” a engadir aos 200.000 € dos asesores contratados a dedo que cada ano adica Oleiros para pagar favores políticos aos seus, tratándose nalgún caso de persoas que presenta ás eleccións municipais noutros concellos da área como Coruña ou Cambre.”

11.29.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre Comité de Seguimento e Control ó abeiro de Nostión

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Ao abeiro de Nostión vense de crear recentemente un órgano utilizado para tomar as decisións que excedan do ámbito técnico ou as que sendo técnicas considérese oportuno, Comité de seguimento e control e que estará formado por tres membros; un deles, o xerente do Consorcio As Mariñas, Santiso. O Concello de Oleiros desconfía expresamente deste xerente. Fíxase ademais un canon de 92,57 € por tonelada nos dous primeiros anos de vixencia do contrato de 101,42 € por tonelada para os seguintes exercicios ata os 25 ¿Cómo se van trasladar (cantidades) estes canons ao recibo da cidadanía?”

11.30.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre acceso ó lugar de Mandín

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“A saída das veciñas de Mandín á Avenida das Mariñas (N-VI) pola rúa Mandín foi pechada e bloqueada sen ningunha notificación, cartaz identificador ou calquera comunicación coas veciñas. Posteriormente abriuse unha nova saída cara a Avenida das Mariñas froito da rotonda da Vía Ártabra, á altura de Jardiland. As veciñas demandaron información sobre estas obras e modificacións circulatorias por rexistro ante a Demarcación de Estradas do Estado e o Concello de Oleiros sen que houber resposta ningunha.

Existe forte malestar entre a veciñanza do lugar pola ignorancia á que están sendo sometidos, a privación da saída natural e tradicional á N-VI de sempre, as modificacións das liñas do autocarro escolar, a reubicación dos contedores do lixo e a inexistencia da recolocación de postes da luz (farois) e a perigosidade da incorporación á Avenida das Mariñas, todo elo froito das obras executadas. O concelleiro do BNG de Oleiros visitou a zona para reunirse coas veciñas afectadas escoitando as súas lóxicas demandas polo que ¿Qué lle pode dicir o concello ás veciñas desta situación?”

11.31.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre o nome a asignar ó futuro Edificio Multiusos

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“¿Baralla algún nome o Concello para o Multis de Bastiagueiro?”

11.32.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre instalación dunha gasoleira en Iñás

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Publicouse recentemente a intención dunha cadea de gasoleiras de baixo custe de establecer unha destas gasoleiras en Iñás, perto da N-VI, á altura dun coñecido hipermercado de xardinaría na avenida das Mariñas. Pola descrición achamos que este proxecto localizárase a escasos 28 metros do Rego de San Pedro, perto de





CONCELLO DE OLEIROS

onde vai discorrer o chamado Paseo do Rego que xa se está a realizar. A gasoleira sería de autoservizo, polo tanto non crearía ningún posto de traballo.

¿Son certas estas novas do proxecto de nova gasoleira no Concello? No caso de que isto sexa así ¿Saben se xa foi solicitada a autorización preceptiva a Augas da Galiza pola proximidade da corrente fluvial?.”

11.33.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre rede xeral de abastecemento de auga na Avda. Salvador

Allende

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“A rede xeral de abastecemento de auga existente na Avenida Salvador Allende, está conformada por tubaxes de PVC. Dende a súa instalación non se procedeu a efectuar sobre ela ningunha substitución ou modificación de importancia, salvo simples reparacións puntuais ou parches.

Nos últimos anos por parte do Concello de Oleiros estase a realizar unha paulatina renovación da rede xeral de abastecemento municipal, efectuando o cambio das tubaxes por tramos, a fin de poder adecuar o investimento á capacidade orzamentaria municipal, así, téñense renovado xa varios tramos da rede en diversas zonas do municipio.

En todos estes casos procedeuse a instalar unhas novas tubaxes de fundición ou PVC orientado, en substitución das existentes en mal estado. A rede xeral da Avenida Salvador Allende está aínda pendente de renovar, debido á súa antigüidade e ao tipo de material do que están formadas as tubarías, propio de tempos pasados, estanse a producir frecuentes avarías e roturas na rede, o que causa importantes prexuízos á veciñanza da contorna, con constantes cortes na subministración e cunha mingua na calidade do servizo.

No pleno ordinario de xaneiro aprobouse a renovación de todas estas tubaxes por medio do POS da Deputación, porén veciñas da zona comentan que após seren asfaltadas beirarúas desa Avenida, ao día seguinte o asfaltado colocado foi novamente retirado e feito cascallos. Un día se coloca ao día seguinte rebéntase, co conseguinte gasto económico e perda de tempo e recursos innecesarios. Exemplo destas practicas recentes temos na intersección da avenida Salvador Allende coa Rúa Manuel Murguía.

¿Qué ten que dicir o goberno Local perante estas queixas cidadás?.”

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que vía contestar por orde e no que atinxe ós rogos do grupo “Popular”, sobre a dignificar as sesión plenarias toman coñecemento da súa solicitude; o tema do estado das árbores débese ter en conta que os temporais e o vento provocan estas caídas e existe un equipo municipal moi bo para o tratamento e conservación das árbores municipais e que neste intre estase a proceder a súa revisión.

No tema do derrubamento na Rúa Rafael Alberti, trátase dun muro que ten que levantar un veciño na súa propiedade; respecto da finca que se fala en Fonte D’Ouro está cedida a outro organismo e xa se lle requeriu que procedese a súa limpeza e retirada de plumachos e, finalmente, sobre o rogo formulado sobre as obras na Avda. de Sta. Cristina, que empezarán en breve, resulta curioso que aínda non se iniciaron e xa están a solicitar axudas.

En canto ós rogos do grupo “Socialista” e sobre os traballos de limpeza nos xardíns da Lagoa de Mera, tratouse fundamentalmente de dúas árbores que caeron e houbo que retiralos, os ruidos ás veces é imposible evitalos; das marquesiñas dicir que se está procedendo a súa limpeza e requirirán da Xunta de Galicia e da Deputación provincial para que procedan tamén á limpeza das súas.

No que atinxe á petición de comportamentos axeitados nos plenos, dicirlle só que se deben aplicar primeiro isto a vostedes mesmos; o expediente de contratación de mantemento de zonas verdes está en proceso no departamento municipal correspondente e, finalmente, sobre o tema da resolución do TACGAL en canto á adxudicación de contratación do servizo de limpeza ¿Poñen en dúbida a proposta dunha mesa de contratación? Insinuan que se soliciou un informe para adxudicarllo a quen querían, non pode ser certo...





CONCELLO DE
OLEIROS

Dille a voceira do grupo “Socialista”, Sra. **Acuña**, que o que sí é real é a resolución do tribunal.

Segue coa súa quenda de respostas o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que o expediente retrotraeuse ó seu inicio e vaise tramitar e licitar novamente.

Respecto dos rogos do BNG, dicir que Sta. Cristina é un lugar de Perillo e existen varios locais municipais como o Complexo A Fábrica, a Casa Bescansa ou a Casa do Pobo de Perillo, que de solicitar algún deles déixase segundo as necesidades municipais un ou outro; na Rúa Subiña queda un tramo por culpa dos peches das fincas e aínda non se rematou, ó que lle pregunta o voceiro do BNG, D. **Iván Roca**, si se pode habilitar un paso.

O alcalde, D. **Ángel García**, salienta a respecto da resolución do TACGAL da adxudicación do contrato de limpeza viaria, que xa contestou esta cuestión e sobre o contrato que se licita para captar subvencións noutras administracións é por un importe de 100.500 € e non de 200.000 € como dí o PSOE...

Explícase o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, en que dixo iso pola duración do contrato.

Engade o alcalde, Sr. **García**, que ó final hai que recurrir a este tipo de empresas ante a complexidade das solicitudes e en canto ó último rogo do BNG, dicir que a Vía Ártabra a estas alturas están aínda sen rematar e agora non teñen espazo onde ubicar os contedores, ademáis de non ter realizado aínda o saneamento do Porto de Lorbé. Das preguntas do grupo “Popular”, dicir que en canto á resolución do TACGAL de retrotraer as actuacións do expediente de contratación ó inicio, xa contestou e estase a facer.

Sobre as publicacións municipais, dicirlles que recurren os medios de difusión e información cos que contan para darlle información á veciñanza; sobre a suposta ocupación dunha vivenda na Rúa República Uruguay é certo que é propiedade dunha prima súa e autorizoulles a vivir alí.

Pregunta o concelleiro do grupo “Popular”, D. **Jorge Platas**, sobre a paralización dun vehículo por estas persoas, que son de etnia xitana, contesetándolle o alcalde, D. **Ángel García**, que xa tanto a Policía Local coma a Garda Civil actuarán sobre este asunto no ámbito das súas competencias e sobre o tema de ampliar a plantilla da Policía Local, xa está en marcha e os axentes ou membros da Policía Local que queren marchar que o fagan, non poden impedi-lo. A respecto das obras no Depósito de Sarro, proxetáronse polos problemas de abastecementos que ten fundamentalmente o Concello de Cambre e unha vez remitido o proxecto a EMALCSA, parece que non dá vía libre. Sobre as preguntas presentadas polo grupo “Socialista”, en canto ó custo da guía de empresas que se remitiu ós enderezos da veciñanza foi de pouco máis de 34.000 €, uns 3 € por unidade; no referente á posta a disposición de campos de fútbol ligados á posibilidade de uso polas seleccións que compitan no Mundial de Fútbol, queda moito e xa se verá chegado o seu intre; sobre o informe técnico da planta superior da Casa do Mar de Mera para convertelo en Centro de Saúde... Neste intre pola voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, preguntalle ó alcalde se ten ese estudio, porque parece que afunde, contestándolle o alcalde, Sr. **García**, que non van facer nada é unha instalación da Xunta de Galicia.

Segue o alcalde na quedan de resposta ás preguntas formuladas polo grupo “Socialista” e sobre a presenza dun membro do goberno municipal nunha concentración pública, dicirlles que está de permiso de paternidade pero non está tullido, tiña que falar e por iso acudiu, solicitándolle a voceira do grupo “Socialista”, Sra. **Acuña**, respecto nas contestacións ó alcalde.





CONCELLO DE
OLEIROS

Sobre a subvención de fondos europeos, xa está máis que tratada e contestada, matízalle o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, dicindo coa cantidade de persoal de emprego contratado ¿Non poden xerar boas propostas e solicitar as subvencións?, contestándolle o alcalde, D. **Ángel García**, que non debería de falar diso porque él estivo contratado nesas condicións polo Concello da Coruña, na actualidade teñen contratados 27 como persoal de emprego, nada máis e nada menos.

No que atinxe ás preguntas do BNG e respecto o tema Nostián salienta que é vergoñento...

Engade o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, que ó fío do que remata de dicir o alcalde sobre o seu posto anterior no Concello da Coruña e en canto ó servizo de Nostián, deixou antes de marchar un prego de conficións feito para a súa licitación, cuxas ofertas serán avaliadas por un comité de expertos.

Segue na súa quenda de contestación o alcalde, D. **Ángel García**, dicindo a respecto da licitación de Nostián, aínda non se fixo e o tema é grave porque está a encarecerse moito a prestación do servizo de recollida do lixo; sobre o peche do lugar de Mandín, fíxoo a Xunta de Galicia pero está de acordo; en canto ó nome que vai ter o Edificio Multiusos de Bastiagueiro o están estudar; sobre o tema da instalación dunha gasoleira de baixo custo non ten noticias dela e finalmente, sobre a rede xeral de abastecemento de auga na Avda. Salvador Allende levouse a cabo no seu intre en colaboración coa comisión de veciños e despois de moiyo tempo, haberá que arraxala.

Sen máis asuntos que tratar o alcalde dá por rematada a sesión ás 22.27 h., para deixar constancia dos acordos tomados e do acontecido estendo esta acta en trinta e sete (37) páxinas e que eu, como secretaria, certifico. Dou fe; Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na propia sinatura da secretaria accidental e co visto e praxe do alcalde.

